



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 289  
11 de abril de 2018

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

##### - 28604 (10/POC-004594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a incidencia na débeda da comunidade autónoma das modificacións de crédito por importe de 57.665.343,74 euros para produtos farmacéuticos e material sanitario e de 975.067,26 euros para cotas sociais de Seguridade Social do Sergas, correspondentes ao mes de decembro de 2017

[92637](#)

##### - 28616 (10/POC-004595)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do parque empresarial da Ran, no concello de Cuntis, os mecanismos de colaboración artellados co Concello para garantir o seu axeitado desenvolvemento e as súas razóns para non ter aprobado ningunha axuda económica para a execución da urbanización e infraestruturas necesarias

[92639](#)

##### - 28618 (10/POC-004596)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a situación legal da mina Man da Moura, situada no lugar da Franqueirán, no concello de Ribadavia, e a opinión do Goberno galego respecto da conveniencia de revisar o proxecto de explotación, así como o estudo de impacto ambiental, antes do inicio de calquera actividade nela

[92642](#)

##### - 28621 (10/POC-004597)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o tempo medio da espera para a valoración e resolución dos expedientes de discapacidade en cada un dos equipos de valoración e orientación para a discapacidade, as razóns do Goberno galego para non reforzar estes equipos e o seu persoal, en lugar de facer un convenio co Sergas, así como as do maior tempo de espera para a resolución na área dependente do servizo de Pontevedra en relación co resto de Galicia

[92644](#)

##### - 28626 (10/POC-004598)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas específicas previstas polo Goberno galego para o control do cumprimento polas entidades financeiras do Código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual [92647](#)

**- 28632 (10/POC-004599)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non solucionar as carencias e deficiencias detectadas polo Comité de Empresa da Consellería de Política Social na Residencia de Maiores de Campolongo, en Pontevedra [92651](#)

**- 28641 (10/POC-004600)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a morte dunha moza o 31 de marzo de 2018 como consecuencia do desprendemento dunha pedra dun dos cantís da praia das Catedrais, en Ribadeo [92657](#)

**- 28656 (10/POC-004601)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre o posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade da subdirectora xeral de Farmacia destituída recentemente por petición propia [92662](#)

**- 28661 (10/POC-004602)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego referida á xestión levada a cabo nos últimos anos cos helicópteros Pesca I e Pesca II, a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo pola empresa adxudicataria coas mesmas aeronaves vendidas pola Xunta de Galicia no ano 2012 e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do cumprimento das condicións técnicas necesarias para ese fin [92664](#)

**- 28668 (10/POC-004603)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o falecemento dunha turista o día 31 de marzo de 2018 como consecuencia do desprendemento dunha pedra do interior dunha das covas da praia das Catedrais, no concello de Ribadeo [92666](#)

**- 28691 (10/POC-004604)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a presentación pola empresa Cobre San Rafael, S. L. dalgunha solicitude ao Goberno galego para a habilitar unha terminal loxística de carga na estación ferroviaria de Botos, no concello de Lalín, así como sobre os riscos ambientais e para a saúde que presenta o transporte, descarga e almacenamento dos concentrados de cobre procedentes da mina de Touro nos posibles lugares habilitados como terminais loxísticas de descarga [92669](#)

**- 28694 (10/POC-004605)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón**

Sobre os datos referidos a Galicia reflectidos no informe mensual publicado polo Ministerio de Fomento e Función Pública respecto da execución orzamentaria das comunidades autónomas, correspondente ao mes de decembro de 2017 e cos datos acumulados para o conxunto do exercicio

[92675](#)**- 28697 (10/POC-004606)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre o grao de execución orzamentaria que presentan os programas relacionados coa igualdade e a violencia de xénero e as modificacións de crédito levadas a cabo neles

[92680](#)**- 28702 (10/POC-004607)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para resolver as solicitudes de axuda para a retirada dos montes da madeira queimada sen valor comercial, as súas intencións en relación coa asunción da súa trituración cando as comunidades de montes non sexan quen de sacala polos seus propios medios e a súa opinión respecto da posibilidade de modificar, en casos de urxencia por incendios forestais, o seu sistema de comercialización en montes con convenio contando coa participación das comunidades de montes

[92684](#)**- 28705 (10/POC-004608)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no traslado ao Parlamento de Galicia da información solicitada por un grupo parlamentario respecto do pazo de Meirás, da familia propietaria e da Fundación Francisco Franco

[92688](#)**- 28711 (10/POC-004609)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín, o coñecemento dos déficits de servizos que se veñen apuntando polos colectivos de pacientes, profesionais e diversas organizacións, así como o traslado á Consellería de Sanidade pola dirección do centro dalgunha necesidade en materia de medios humanos e materiais

[92691](#)**- 28716 (10/POC-004610)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria da comarca do Condado-Paradanta, o coñecemento das melloras necesarias nos seus centros de saúde, sinaladamente en materia de adecuación dos espazos e de accesibilidade, así como as súas razóns para desbotar a contratación dun técnico especialista en radioloxía para as tardes no Centro de Saúde de Ponteareas e as previsións ao respecto

[92694](#)

**- 28726 (10/POC-004611)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan a Residencia de Maiores de Pontevedra e as persoas usuarias do centro como consecuencia das deficiencias e carencias existentes en materia de infraestruturas, medios humanos e materias, así como de persoal facultativo

[92698](#)**- 28741 (10/POC-004612)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade

[92701](#)**- 28772 (10/POC-004613)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre os datos referidos aos principios activos máis receitados no Sistema sanitario de Galicia e o gasto farmacéutico do Goberno galego desde o ano 2010 ao ano 2017, a súa valoración e as medidas previstas ao respecto

[92704](#)**- 28778 (10/POC-004614)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presenta a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 destinada á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo, as posibles consecuencias para a cidadanía e as previsións da Xunta de Galicia respecto disto para o ano 2018, así como as medidas que vai adoptar para garantir a súa total execución e o incremento da súa contía nos vindeiros exercicios

[92706](#)**- 28783 (10/POC-004615)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego referida á perda de poboación que está a padecer Galicia nos últimos anos, as medidas que está a implementar para evitala, nomeadamente no medio rural, e favorecer a creación de novas empresas nese medio, así como as razóns do baixo nivel de execución que presentan no ano 2017 determinadas partidas orzamentarias da Consellería do Medio Rural destinadas a fixar poboación, mellorar e modernizar o tecido produtivo nese ámbito e os estudos elaborados ao respecto

[92708](#)**- 28789 (10/POC-004616)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para deixar sen executar máis de 95 millóns de euros da partida orzamentaria consignada para o ano 2017 destinada á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo

[92711](#)

**- 28793 (10/POC-004617)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre a data fixada pola Consellería do Medio Rural para a xuntanza da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca da Pataca

[92713](#)**- 28801 (10/POC-004618)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a existencia dun plan de prevención de riscos axeitado para as visitas á praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, así como dun dispositivo de emerxencias e evacuación, as previsións do Goberno galego respecto da realización dun estudo xeotécnico para coñecer o grao de estabilidade dos cantís e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade das persoas visitantes

[92715](#)**- 28803 (10/POC-004619)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e 6 máis**

Sobre os controis sanitarios da brucelose que se van realizar en cumprimento da normativa europea nas explotacións bovinas de leite e de carne, así como no gando ovino e caprino

[92718](#)**- 28815 (10/POC-004620)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das mulleres no desenvolvemento da súa carreira como científicas e tecnólogas en Galicia, así como a denuncia dunha investigadora referida á súa suposta discriminación por causa da súa maternidade, e as medidas previstas ao respecto

[92720](#)**- 28820 (10/POC-004621)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira, con motivo das festas patronais, na explanada contigua ao centro

[92725](#)**- 28823 (10/POC-004622)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Consellería respecto da situación do gandeiro da parroquia de Galegos, do concello de Riotorto, afectado pola execución forzosa do baleiro sanitario da súa subexplotación bovina de produción-reprodución de carne, así como da súa subexplotación de pequenos rumiantes

[92728](#)**- 28836 (10/POC-004623)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas conclusións das recentes análises do Consello da Cultura e da Real Academia Galega respecto da situación do galego, as medidas previstas para frear o descenso do seu uso, especialmente entre a xente máis nova, así como as súas intencións respecto do mantemento do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia [92731](#)

**- 28841 (10/POC-004624)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto [92733](#)

**- 28844 (10/POC-004625)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre as razóns da redución nun 32,1% no ano 2017 do orzamento inicial do programa 423B, Prevención do abandono escolar, a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da atención das necesidades existentes coa contía executada e, se é o caso, as razóns da súa dotación para o ano 2018 cun orzamento que duplica o executado nel en 2017 [92736](#)

**- 28850 (10/POC-004626)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre o alcance dos problemas denunciados por un grupo de pais e nais de alumnos do CPI da Cañiza en relación co consumo e/ou tráfico de substancias estupefacientes no centro, o mantemento dalgún contacto ao respecto polo xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra coa Subdelegación do Goberno de España na provincia e, se é o caso, as medidas previstas para resolver a situación [92739](#)

**- 28862 (10/POC-004627)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de xarda asignada a Galicia en relación con outras comunidades autónomas na repartición das cotas pesqueiras procedentes de intercambios con outros estados da Unión Europea [92741](#)

**- 28868 (10/POC-004628)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de explotación da mina da Man da Moura, nos concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón [92743](#)

**- 28871 (10/POC-004629)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dun espazo en condicións para o acollemento da Asociación Club de Pensionistas e Xubilados Casa do Mar mentres duren as obras de reforma da Casa do Mar de Vilagarcía de Arousa, as solucións que está a valorar para ese fin logo das súas xuntanzas co Instituto Social da Mariña e a contía da súa achega anual para as actividades desa asociación

[92747](#)

**- 28882 (10/POC-004630)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa redacción que presenta o borrador do Plan de xestión do Cantábrico, o mantemento dalgún contacto co Goberno central ao respecto e as súas previsións referidas ao seu sometemento á valoración do sector

[92750](#)

**- 28883 (10/POC-004631)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de inserir as rías de Corme-Laxe e de Camariñas, así como a zona exterior do cabo Fisterra, na ruta Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin e o mantemento de contactos ao respecto coa empresa Buceo Fisterra, así como as actuacións concretas que vai levar a cabo para desestacionalizar o turismo na Costa da Morte

[92752](#)

**- 28891 (10/POC-004632)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a posibilidade de garantía pola Xunta de Galicia do cumprimento das cláusulas sociais inseridas nas diferentes concesións de encoros hidroeléctricos, os datos referidos ao remate destas concesións na demarcación Galicia-Costa, así como nas demarcacións hidrográficas do Cantábrico, do Miño-Sil e do Douro, e as previsións dos gobernos galego e central ao respecto

[92754](#)

**- 28895 (10/POC-004633)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan, no ano 2017, os programas da Consellería do Mar 723A, "Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira," e 723C, "Desenvolvemento sustentable das zonas de pesca", así como a posibilidade de acadar os obxectivos fixados

[92759](#)

**- 28896 (10/POC-004634)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre os datos referidos ao cumprimento pola CRTVG do seu compromiso de investir o 6% do seu orzamento no cinema galego, así como á emisión pola televisión pública dos proxectos audiovisuais apoiados

[92761](#)

**- 28904 (10/POC-004635)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**



Sobre as razóns de que non se executase a totalidade dos recursos orzamentarios destinados ás corporacións locais para o ano 2017, así como a elaboración polo Goberno galego do estudo e a valoración do custo dos servizos prestados no ámbito local e financiados parcialmente mediante transferencias da Xunta de Galicia, co fin de establecer un financiamento estable que garanta o seu funcionamento permanente [92764](#)

**- 28927 (10/POC-004636)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as xestións concretas levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para a rebaixa do IVE dos alimentos sen glute e as previsións ao respecto, así como sobre a realización dalgunha outra reforma no sistema fiscal para protexer as persoas celíacas [92766](#)

**- 28932 (10/POC-004637)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar as demoras que se están a producir na tramitación das solicitudes de valoración do grao de discapacidade na provincia de Pontevedra, a súa opinión respecto da suficiencia do persoal dos tres equipos de valoración e orientación existentes, así como o prazo previsto para a prestación da teleasistencia e axuda no fogar a todas as persoas con discapacidade en grao I e grao II que teñen recoñecidos eses dereitos [92769](#)

**- 28934 (10/POC-004638)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a suposta situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso que está a padecer unha traballadora dunha empresa concesionaria de liñas de transporte colectivo de viaxeiros [92772](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### **Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 28604 (10/POC-004594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a incidencia na débeda da comunidade autónoma das modificacións de crédito por importe de 57.665.343,74 euros para produtos farmacéuticos e material sanitario e de 975.067,26 euros para cotas sociais de Seguridade Social do Sergas, correspondentes ao mes de decembro de 2017  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28616 (10/POC-004595)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do parque empresarial da Ran, no concello de Cuntis, os mecanismos de colaboración artellados co Concello para garantir o seu axeitado desenvolvemento e as súas razóns para non ter aprobado ningunha axuda económica para a execución da urbanización e infraestruturas necesarias  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28618 (10/POC-004596)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a situación legal da mina Man da Moura, situada no lugar da Franqueirán, no concello de Ribadavia, e a opinión do Goberno galego respecto da conveniencia de revisar o proxecto de explotación, así como o estudo de impacto ambiental, antes do inicio de calquera actividade nela  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28621 (10/POC-004597)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o tempo medio da espera para a valoración e resolución dos expedientes de discapacidade en cada un dos equipos de valoración e orientación para a discapacidade, as razóns do Goberno galego para non reforzar estes equipos e o seu persoal, en lugar de facer un convenio co Sergas, así como as do maior tempo de espera para a resolución na área dependente do servizo de Pontevedra en relación co resto de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28626 (10/POC-004598)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas específicas previstas polo Goberno galego para o control do cumprimento polas entidades financeiras do Código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28632 (10/POC-004599)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non solucionar as carencias e deficiencias detectadas polo Comité de Empresa da Consellería de Política Social na Residencia de Maiores de Campolongo, en Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28641 (10/POC-004600)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a morte dunha moza o 31 de marzo de 2018 como consecuencia do desprendemento dunha pedra dun dos cantís da praia das Catedrais, en Ribadeo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28656 (10/POC-004601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade da subdirectora xeral de Farmacia destituída recentemente por petición propia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28661 (10/POC-004602)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á xestión levada a cabo nos últimos anos cos helicópteros Pesca I e Pesca II, a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo pola empresa adxudicataria coas mesmas aeronaves vendidas pola Xunta de Galicia no ano 2012 e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do cumprimento das condicións técnicas necesarias para ese fin

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 28668 (10/POC-004603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o falecemento dunha turista o día 31 de marzo de 2018 como consecuencia do desprendemento dunha pedra do interior dunha das covas da praia das Catedrais, no concello de Ribadeo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28691 (10/POC-004604)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a presentación pola empresa Cobre San Rafael, S. L. dalgunha solicitude ao Goberno galego para a habilitar unha terminal loxística de carga na estación ferroviaria de Botos, no concello de Lalín, así como sobre os riscos ambientais e para a saúde que presenta o transporte, descarga e almacenamento dos concentrados de cobre procedentes da mina de Touro nos posibles lugares habilitados como terminais loxísticas de descarga

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28694 (10/POC-004605)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre os datos referidos a Galicia reflectidos no informe mensual publicado polo Ministerio de Facenda e Función Pública respecto da execución orzamentaria das comunidades autónomas, correspondente ao mes de decembro de 2017 e cos datos acumulados para o conxunto do exercicio

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28697 (10/POC-004606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o grao de execución orzamentaria que presentan os programas relacionados coa igualdade e a violencia de xénero e as modificacións de crédito levadas a cabo neles

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28702 (10/POC-004607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para resolver as solicitudes de axuda para a retirada dos montes da madeira queimada sen valor comercial, as súas intencións en relación coa asunción da súa trituración cando as comunidades de montes non sexan quen de sacala polos seus propios medios e a súa opinión respecto da posibilidade de modificar, en casos de urxencia por incendios forestais, o seu sistema de comercialización en montes con convenio contando coa participación das comunidades de montes

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28705 (10/POC-004608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no traslado ao Parlamento de Galicia da información solicitada por un grupo parlamentario respecto do pazo de Meirás, da familia propietaria e da Fundación Francisco Franco

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28711 (10/POC-004609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín, o coñecemento dos déficits de servizos que se veñen apuntando polos colectivos de pacientes, profesionais e diversas organizacións, así como o traslado á Consellería de Sanidade pola dirección do centro dalgunha necesidade en materia de medios humanos e materiais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28716 (10/POC-004610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria da comarca do Condado-Paradanta, o coñecemento das melloras necesarias nos seus centros de saúde, sinaladamente en materia de adecuación dos espazos e de accesibilidade, así como as súas razóns para desbotar a contratación dun técnico especialista en radioloxía para as tardes no Centro de Saúde de Ponteareas e as previsións ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28726 (10/POC-004611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan a Residencia de Maiores de Pontevedra e as persoas usuarias do centro como consecuencia das deficiencias e carencias existentes en materia de infraestruturas, medios humanos e materias, así como de persoal facultativo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28741 (10/POC-004612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28772 (10/POC-004613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos principios activos máis receitaados no Sistema sanitario de Galicia e o gasto farmacéutico do Goberno galego desde o ano 2010 ao ano 2017, a súa valoración e as medidas previstas ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28778 (10/POC-004614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presenta a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 destinada á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo, as posibles

consecuencias para a cidadanía e as previsións da Xunta de Galicia respecto disto para o ano 2018, así como as medidas que vai adoptar para garantir a súa total execución e o incremento da súa contía nos vindeiros exercicios

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28783 (10/POC-004615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á perda de poboación que está a padecer Galicia nos últimos anos, as medidas que está a implementar para evitala, nomeadamente no medio rural, e favorecer a creación de novas empresas nese medio, así como as razóns do baixo nivel de execución que presentan no ano 2017 determinadas partidas orzamentarias da Consellería do Medio Rural destinadas a fixar poboación, mellorar e modernizar o tecido produtivo nese ámbito e os estudos elaborados ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28789 (10/POC-004616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para deixar sen executar máis de 95 millóns de euros da partida orzamentaria consignada para o ano 2017 destinada á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28793 (10/POC-004617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a data fixada pola Consellería do Medio Rural para a xuntanza da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca da Pataca

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28801 (10/POC-004618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a existencia dun plan de prevención de riscos axeitado para as visitas á praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, así como dun dispositivo de emerxencias e evacuación, as previsións do Goberno galego respecto da realización dun estudo xeotécnico para coñecer o grao de estabilidade dos cantís e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade das persoas visitantes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28803 (10/POC-004619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre os controis sanitarios da brucelose que se van realizar en cumprimento da normativa europea nas explotacións bovinas de leite e de carne, así como no gando ovino e caprino

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28815 (10/POC-004620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das mulleres no desenvolvemento da súa carreira como científicas e tecnólogas en Galicia, así como a denuncia dunha investigadora referida á súa suposta discriminación por causa da súa maternidade, e as medidas previstas ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28820 (10/POC-004621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira, con motivo das festas patronais, na explanada contigua ao centro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28823 (10/POC-004622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería respecto da situación do gandeiro da parroquia de Galegos, do concello de Riotorto, afectado pola execución forzosa do baleiro sanitario da súa subexplotación bovina de produción-reprodución de carne, así como da súa subexplotación de pequenos rumiantes

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28836 (10/POC-004623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas conclusións das recentes análises do Consello da Cultura e da Real Academia Galega respecto da situación do galego, as medidas previstas para frear o descenso do seu uso, especialmente entre a xente máis nova, así como as súas intencións respecto do mantemento do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28841 (10/POC-004624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 28844 (10/POC-004625)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as razóns da redución nun 32,1% no ano 2017 do orzamento inicial do programa 423B, Prevención do abandono escolar, a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da atención das necesidades existentes coa contía executada e, se é o caso, as razóns da súa dotación para o ano 2018 cun orzamento que duplica o executado nel en 2017  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28850 (10/POC-004626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o alcance dos problemas denunciados por un grupo de pais e nais de alumnos do CPI da Cañiza en relación co consumo e/ou tráfico de substancias estupefacientes no centro, o mantemento dalgún contacto ao respecto polo xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra coa Subdelegación do Goberno de España na provincia e, se é o caso, as medidas previstas para resolver a situación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28862 (10/POC-004627)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de xarda asignada a Galicia en relación con outras comunidades autónomas na repartición das cotas pesqueiras procedentes de intercambios con outros estados da Unión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 28868 (10/POC-004628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de explotación da mina da Man da Moura, nos concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 28871 (10/POC-004629)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dun espazo en condicións para o acollemento da Asociación Club de Pensionistas e Xubilados Casa do Mar mentres duren as obras de reforma da Casa do Mar de Vilagarcía de Arousa, as solucións que está a valorar para ese fin logo das súas xuntanzas co Instituto Social da Mariña e a contía da súa achega anual para as actividades desa asociación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28882 (10/POC-004630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa redacción que presenta o borrador do Plan de xestión do Cantábrico, o mantemento dalgún contacto co Goberno central ao respecto e as súas previsións referidas ao seu sometemento á valoración do sector

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 28883 (10/POC-004631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de inserir as rías de Corme-Laxe e de Camariñas, así como a zona exterior do cabo Fisterra, na ruta Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin e o mantemento de contactos ao respecto coa empresa Buceo Fisterra, así como as actuacións concretas que vai levar a cabo para desestacionalizar o turismo na Costa da Morte

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 28891 (10/POC-004632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posibilidade de garantía pola Xunta de Galicia do cumprimento das cláusulas sociais inseridas nas diferentes concesións de encoros hidroeléctricos, os datos referidos ao remate destas concesións na demarcación Galicia-Costa, así como nas demarcacións hidrográficas do Cantábrico, do Miño-Sil e do Douro, e as previsións dos gobernos galego e central ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 28895 (10/POC-004633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan, no ano 2017, os programas da Consellería do Mar 723A, "Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira," e 723C, "Desenvolvemento sustentable das zonas de pesca", así como a posibilidade de acadar os obxectivos fixados

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 28896 (10/POC-004634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos ao cumprimento pola CRTVG do seu compromiso de investir o 6% do seu orzamento no cinema galego, así como á emisión pola televisión pública dos proxectos audiovisuais apoiados

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 28904 (10/POC-004635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns de que non se executase a totalidade dos recursos orzamentarios destinados ás corporacións locais para o ano 2017, así como a elaboración polo Goberno galego do estudo e a valoración do custo dos servizos prestados no ámbito local e financiados parcialmente mediante transferencias da Xunta de Galicia, co fin de establecer un financiamento estable que garanta o seu funcionamento permanente

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28927 (10/POC-004636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as xestións concretas levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para a rebaixa do IVE dos alimentos sen glute e as previsións ao respecto, así como sobre a realización dalgunha outra reforma no sistema fiscal para protexer as persoas celíacas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28932 (10/POC-004637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar as demoras que se están a producir na tramitación das solicitudes de valoración do grao de discapacidade na provincia de Pontevedra, a súa opinión respecto da suficiencia do persoal dos tres equipos de valoración e orientación existentes, así como o prazo previsto para a prestación da teleasistencia e axuda no fogar a todas as persoas con discapacidade en grao I e grao II que teñen recoñecidos eses dereitos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28934 (10/POC-004638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a suposta situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso que está a padecer unha traballadora dunha empresa concesionaria de liñas de transporte colectivo de viaxeiros

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

En marzo de 2018, a Consellería de Facenda remitiu a este Parlamento de Galicia, copia dos expedientes de modificación de crédito correspondentes ao mes de decembro de 2017.

Entre estes expedientes, se atopan:

1. Modificación de crédito por unha contía de 57.665.343,74 € para produtos farmacéuticos e material sanitario.
2. Modificación de crédito por unha contía de 975.067,26 €, para cotas sociais de Seguridade Social do Sergas.

O que fai un total de 58.640.411,00 € que veñen explicados na exposición dos expedientes de modificación de crédito, nos que se establece que:

*“ A modificación orzamentaria financiarase cun maior endebedamento dentro dos límites autorizados, para estes efectos o artigo 35.Un da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece que a posición neta debedora da Comunidade Autónoma de Galicia incrementarase durante o 2017 nunha contía máxima equivalente ao 0,5% do PIB, e o apartado Dous.f) do mesmo artigo establece que a posición neta debedora poderá revisarse polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira e materia de endebedamento.*

*Así, o Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira, na súa reunión de decembro de 2016 aprobou fixar o obxectivo do déficit para*

**Grupo Parlamentario**

*a nosa comunidade no presente exercicio no 0,6 % (un 0,1 % por enriba do fixado inicialmente)*

*De acordo co establecido no artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, propónse como fonte de financiamento da referida ampliación de crédito o endebedamento, dentro dos límites autorizados”*

Á vista destes datos, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a valoración que fai o Goberno Galego destas modificacións de crédito correspondentes ao exercicio 2017?
1. Cal foi a posición neta debedora da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2018

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Julio Torrado Quintela

Abel Losada Álvarez

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2018 14:03:34**

**Julio Torrado Quintela na data 28/03/2018 14:03:40**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2018 14:03:45**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

O desenvolvemento do polígono empresarial da Ran , no Concello de Cuntis, é considerado fundamental para o desenvolvemento do Concello e a diversificación da súa economía, por todos os grupos políticos municipais.

Desgraciadamente ten detrás unha tortuosa e longa historia de trámites administrativos dende o ano 1998, que supuxo a perda de oportunidades de asentamentos de empresas que finalmente se establecéronse noutros polígonos próximos.

Cuntis sofre asemade, unha importante e gradual perda de poboación nos últimos anos, no que ten que ver tamén a falla de oportunidades laborais e de vivenda.

A ubicación da zona da Ran, á beira da N-640, a 15 kms da AP9 e preto do Porto de Vilagarcía, é óptima para o seu desenvolvemento e asentamento de empresas.

En abril de 2013 a Secretaría de Ordenación do Territorio e Urbanismo deu o visto bo ao Plan de Sectorización da Ran, despois de que se iniciase en 2008 a súa tramitación.

Superados os obstáculos legais e urbanísticos, que A Ran sexa unha realidade como Parque Empresarial, depende da coordinación e cooperación das administracións para o impulso das infraestruturas necesarias e da urbanización do mesmo. Esta cooperación e coordinación vena reclamando Cuntis dende hai



tempo, demanda que a Xunta de Galicia ten desoído, a pesar de ter mantido xuntanzas a través da Xestur co Concello.

Na actualidade segue sen contar coas condicións suficientes como para ser atractivo para a implantación de empresas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é a valoración que fai o Goberno galego da situación do Parque empresarial da Ran , situado no Concello de Cuntis?
- 2) Que mecanismos de colaboración ten artellado co Concello para garantir un bo desenvolvemento do parque?
- 3) Por que non se ten aprobada ningunha axuda económica para o desenvolvemento das infraestruturas e urbanización necesarias?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/04/2018 10:36:45**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

O anuncio da posibilidade do comezo da actividade extractiva de granito da canteira Man da Moura, lugar da Franqueirán, ten provocado alarma entre a veciñanza e as corporacións dos concellos de Ribadavia, Melón e Carballeda de Avia.

A empresa que ten a concesión para a explotación mineira anunciou a súa intención de iniciar a súa actividade a través dos trámites cos tres concellos.

A aprobación do proxecto de explotación data de 1997, así coma o estudo de impacto ambiental.

21 anos despois son moitas as voces que alertan de que ditos documentos poden estar obsoletos e que, polo tanto, se poidan poñer en perigo valores patrimoniais e ambientais da zona.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é a situación legal da concesión mineira da Mina da Moura?





2) Considera convinte a revisión do proxecto de explotación e do estudo de impacto ambiental previa ao inicio de calquera actividade?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/04/2018 10:52:33**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade (EVO) son equipos multidisciplinares compostos por persoal de perfil médico, psicolóxico e de traballo social, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, sendo especialmente grave a situación da provincia de Pontevedra, que acumula uns 4000 expedientes sen resolver.

Estas circunstancias supoñen un incumprimento da normativa a respecto da discapacidade e, concretamente, no que se refire á axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade (obxectivos para os que se publica a *Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*), así como un trato desigual entre as persoas dos concellos que teñen como referencia o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra con respecto ás do resto de Galiza que, con todo, tamén sofren unha demora inxustificábel.



A tardanza na resolución sobre o grao de discapacidade mantén durante meses a persoas sen poder ter os dereitos que lle corresponden, en distintos eidos.

Ademais, esta excesiva tardanza na valoración tamén afecta aos equipos dos servizos sociais municipais, que tramitan as solicitudes.

Asemade, esta situación de enorme atraso na valoración e resolución dos expedientes de valoración do grao de discapacidade nos EVO de Pontevedra e Vigo provoca que nas residencias da provincia non exista unha valoración real da situación en canto a dependencia das persoas internas. Este feito provoca que as rateos de persoal por persoas usuarias sexan inferiores ás necesidades reais.

Esta situación é estrutural e ten a súa orixe directa na falta de persoal, tendo en conta as necesidades, agravándose pola non cobertura de baixas.

Para intentar reducir a enorme lista de agarda, a Xunta impulsou un convenio entre a Consellería de Política Social e o Sergas para que persoal médico voluntario realice horas extraordinarias para a valoración do grao de discapacidade.

En Marea entende que os EVO cumpren unha función de servizo público que debe ser reforzada no seu carácter multidisciplinar.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>

1. Cal é o tempo medio de agarda para a valoración e resolución dos expedientes de valoración da discapacidade en cada un dos EVO?
2. Por que a Xunta non reforza o persoal e equipos de Valoración e Orientación da Discapacidade, en lugar de facer un convenio co Sergas?



3. A que atribúe a Xunta o maior tempo de agarda para a resolución da valoración do grao de discapacidade na área dependente do Servizo de Valoración da Discapacidade de Pontevedra a respecto do resto de Galiza?
4. Considera admisíbel a Xunta que non se cumpran os prazos normativos para a resolución das solicitudes de valoración do grao de discapacidade?
5. Considera a Xunta que é suficiente a dotación de persoal dos Equipos de Valoración e Orientación?
6. Non cre a Xunta que é preciso aumentar o número de Equipos de Valoración e Orientación e o seu persoal?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/04/2018 10:51:52**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O estoupido da burbulla inmobiliaria e as políticas de vivenda sostidas polos sucesivos gobernos tanto no Estado como en Galiza, provocaron o drama continuado de miles de familias desafiuzadas durante os últimos 10 anos.

Ante a magnitude do problema e a mobilización continua das plataformas e colectivos antidesafiuzamentos, ditos gobernos non mudaron aspectos axiais das súas políticas de vivenda, pero sí se viron forzados a facer algún xesto en forma de modificación lexislativa, xestos a todas luces insuficientes pois o problema continúa a existir.

Entre estas modificacións estivo a aprobación do Real Decreto Lei 6/2012 , de 9 de marzo, de medidas urxentes de deudores hipotecarios, modificado recentemente polo RDL 5/2017 de 17 de marzo, onde se contén o Código de Boas Prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre vivenda habitual.

A adhesión ao Código é voluntario para as entidades financeiras pero unha vez acollidas é de obrigado cumprimento.

Por exemplo establécese que as entidades financeiras adheridas teñen a obriga de ao detectar un impago na cota hipotecaria, ofrecer ao cliente as posibilidades e requisitos deste código.



Comprende dende a reestruturación da débeda, con carencia da amortización do capital, redución de intereses de mora, ampliación do prazo total de amortización, ata a dación en pago, pasando pola quita nun prazo de catro anos.

A estas condicións especiais poden acollerse as persoas ou unidades de convivencia que se atopen por debaixo do umbral de exclusión.

Hai denuncias do incumprimento das súas obrigas como entidades voluntariamente adheridas por parte de bancos que operan en Galiza, que ou ben non informan ou a información que trasladan ás persoas coas condicións requiridas para serlle aplicadas as condicións do código, é deficiente e sesgada, facendo que xente que podía acollerse a unhas mellores condicións non o fai.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 30.I.4 e de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, todo isto sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia.

Para este obxectivo foi creado, teoricamente, o que é hoxe en día o Instituto Galego de Consumo e da Competencia que ten entre outras as seguintes funcións:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.



- Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.
- Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidoras e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.
- Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia.

Por todo isto creemos que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten o deber de protexer os dereitos das persoas que están por debaixo do umbral de exclusión, e teñen problemas para pagar a súa hipoteca e de garantir que as entidades financeiras adheridas ao Código de Boas Prácticas cumpren coas obrigas recollidas no RDL 6/2012 de de 9 de marzo , de medidas urxentes de deudores hipotecarios, modificado recentemente polo RDL 5/2017 de 17 de marzo, onde se contén o Código de Boas Prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre vivenda habitual.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Ten previsto o Goberno galego algunha medida específica para o control do cumprimento, por parte das entidades financeiras, do Código de Boas Prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre vivenda habitual?



Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/04/2018 11:16:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

A residencia mixta de Campolongo, en Pontevedra, de iniciativa e xestión autonómica, aberta en 1993 como residencia de persoas “válidas”, presenta unha serie de deficiencias derivadas na falta de adaptación das súas instalacións ás necesidades das persoas usuarias, asistidas e válidas.

Dende o ano 2015, o Comité de Empresa da Consellería de Política Social da provincia de Pontevedra advertiu á Xunta sobre as deficiencias nas infraestruturas, mobiliario e falta de persoal na residencia de maiores de Campolongo, sen que foran solucionadas.

O edificio foi inicialmente pensado para persoas “válidas” pero, co tempo, o propio envellecemento das persoas ingresadas levou á necesidade de converter Campolongo nun centro de persoas válidas e asistidas (estas, na cuarta planta), sen que se adecuaran as instalacións. Agora, preténdese que a terceira planta sexa tamén para persoas asistidas, pero sen melloras no centro.



Deste xeito, é necesario dotar ás habitacións de persoas asistidas de tomas de osíxeno e de baleiro, para posibilitar o seu uso para a realización de aspiracións en situacións de urxencia.

Tamén cómpre contar con comedores e salas de estar en todas as plantas, acordes á tipoloxía das persoas internas, e mellorar o acceso á cafetería do centro para as persoas internas, así como rematar as obras do comedor da cuarta planta, que se atopa colapsado, por ter un mobiliario inadecuado.

É tamén preciso unha reformulación global do servizo de ascensores, pois o sistema atópase colapsado, avariándose os ascensores de xeito habitual, pola sobrecarga que padecen, ao contar unha residencia de catro plantas con só dous ascensores. Ademais, o montacargas é polivalente, sendo usado para o servizo diario de comidas, de roupa limpa e sucia, lixo, pedidos e mesmo persoas asistidas en padiola e residentes falecidas.

Tamén é escaso o único baño xeriátrico da cuarta planta, o que provoca atrasos no aseo.

Estas dificultades de mobilidade, unido á falta de material adecuado e á carencia de salas de estar e espazos ao aire libre, provocan que moitas persoas teñan que pasar o día nas habitacións e recibir a alimentación nas propias camas.

Dende o Comité de Empresa da Consellería de Política Social da provincia de Pontevedra reclaman, tamén, a creación dunha enfermería no centro, a modificación e melloras no departamento de cociña e maquinaria adecuada para enfermería, comedor, lavandería e cociña.



Advirte o Comité de Empresa que en canto non se melloren estas cuestións se debe renunciar a converter a terceira planta en dependencias para persoas asistidas.

Asemade, a situación de enorme atraso na valoración e resolución dos expedientes de valoración do grao de discapacidade nos EVO de Pontevedra e Vigo provoca que nas residencias da provincia, como é o caso de Campolongo, non exista unha valoración real da situación en canto a dependencia das persoas internas. Este feito provoca que as rateos de persoal por persoas usuarias sexan inferiores ás necesidades reais. En Campolongo, canto menos, serían necesarias as seguintes prazas: dúas de Enfermería, cinco Auxiliares de Enfermería e unha de cociña.

O volume de traballo e as condicións do centro fan insuficientes os actuais postos de traballo, o que se une ao recorte de dereitos pola suspensión do artigo 19 do Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia, relativo a descansos e libranzas, o que aumentou o stress laboral e as situacións de sobreesforzo do persoal.

Esta situación descrita foi achegada como corpo da denuncia presentada polo Comité de Empresa da Consellería de Política Social da provincia de Pontevedra ante a “Dirección General de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social” e como texto da queixa presentada polo mesmo órgano colexiado ante a Valeduría do Pobo.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



1. Por que a Xunta ninguneou as advertencias sobre as deficiencias na Residencia do Maior de Campolongo que o Comité de Empresa da Consellería de Política Social lle vén trasladando dende o ano 2015?
2. Como valora a Xunta o aumento de accidentes laborais debidos ao sobreesforzo nos centros da Consellería de Política Social tras a suspensión do artigo 19 do Vº Convenio Colectivo da Xunta de Galicia?
3. Por que a Xunta non adaptou de xeito progresivo as instalacións e servizos da Residencia do Maior de Campolongo ás necesidades das persoas asistidas?
4. Por que a Xunta non modificou e mellorou o sistema de ascensores e montacargas da Residencia do Maior de Campolongo?
5. Por que a Xunta non dota á Residencia do Maior de Campolongo de tomas de osíxeno e baleiro nas habitacións de persoas asistidas?
6. Parécelle á Xunta suficiente un só baño xeriátrico para a cuarta planta da Residencia do Maior de Pontevedra?
7. Por que a Xunta pretende converter a terceira planta da Residencia do Maior de Pontevedra en planta de persoas asistidas sen adecuar as instalacións e mobiliario ás necesidades deste tipo de persoas usuarias?
8. Considera a Xunta suficiente o persoal da Residencia do Maior de Campolongo, tendo en conta o número de persoas usuarias e as características do centro?



9. Como valora a Xunta o estudo psicosocial realizado sobre o persoal da Residencia do Maior de Campolongo?

10. Está preparada a Residencia do Maior de Campolongo para situacións nas que sexa necesario o illamento de persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/04/2018 11:39:47**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/04/2018 11:39:56**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 02/04/2018 11:40:03**

**Carmen Santos Queiruga na data 02/04/2018 11:40:06**

**Antón Sánchez García na data 02/04/2018 11:40:10**

**Eva Solla Fernández na data 02/04/2018 11:40:15**

**Luca Chao Pérez na data 02/04/2018 11:40:19**

**Paula Quinteiro Araújo na data 02/04/2018 11:40:23**

**Luis Villares Naveira na data 02/04/2018 11:40:26**

**Magdalena Barahona Martín na data 02/04/2018 11:40:29**



**José Manuel Lago Peñas na data 02/04/2018 11:40:33**

**Francisco Casal Vidal na data 02/04/2018 11:40:36**

**David Rodríguez Estévez na data 02/04/2018 11:40:40**

**Marcos Cal Ogando na data 02/04/2018 11:40:43**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O sábado 31 de marzo de 2018, pasado o mediodía, unha moza faleceu a causa do traumatismo cranial provocado polo desprendemento dunha pedra dun dos cantís da Praia de Augasantas, ou das Catedrais, en Ribadeo.

Ao lugar do accidente trasladouse un equipo médico, voluntariado de Protección Civil, Garda Civil, Policía Municipal de Ribadeo e profesionais do Grupo de Intervención Psicolóxica en Emerxencias de Catástrofes.

Até o de agora non hai constancia de ningún outro suceso tan grave neste areal, aínda que si se teñen producido caídas e ten ficado xente illada coa suba da marea. Os desprendementos que se teñen producido coincidiran en momentos nos que non había persoas visitando os cantís, polo que non ocasionaron danos persoais.

A coñecida como Praia das Catedrais, en Ribadeo, recibe milleiros de visitantes cada día, tendo un tope de 4.812. En 2015, a praia recibiu case 600.000 visitantes.



Ao tramitar o permiso de acceso, as persoas visitantes reciben unha información acerca dos riscos que comporta a visita, en relación á suba da marea e aos desprendementos.

O 12 de xuño de 2015 publicábase no DOG o Decreto polo que se “aproba o Plan de conservación do monumento natural da Praia das Catedrais”. Segundo dito Plan, conforme ao artigo 26 (Avaliación), a “Dirección Xeral de Conservación avaliará, cunha periodicidade bianual, a efectividade das medidas propostas, analizando os seguintes aspectos:

- a) A eficacia e eficiencia na execución das diversas accións e programas.
- b) O progreso na consecución dos obxectivos ambientais propostos.”

Ademais, “cada dous anos a Dirección Xeral de Conservación da Natureza elaborará un informe de seguimento. Unha copia do informe será remitido á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.”

Para protexer o monumento natural o Concello de Ribadeo elaborou un Plan Especial de Protección, aprobado inicialmente o 8 de novembro de 2017, que abarca máis territorio que o protexido polo Plan elaborado pola Xunta. En dito documento, sinalase que “a xestión da Praia das Catedrais quedou superada polo progresivo aumento de visitantes que, en determinadas épocas do ano, superan amplamente a súa capacidade de carga ecolóxica. A ausencia dunha xestión adecuada desta situación afectou negativamente o estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. O continuo pisado erosiona amplas áreas dos acantilados, eliminando a cuberta formado polos hábitats prioritarios e, posteriormente, eliminando os horizontes superficiais do solo. A perda de superficie ocupada polos hábitats naturais veu acompañada pola afección a núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación, mentres se favorece o asentamento e expansión de distintas especie vexetais de





carácter invasor. O descontrol no uso público provocou que en determinados períodos as persoas deambulasen sen control por áreas do acantilado inestables, con risco para a súa integridade física, así como para as persoas que puidesen atoparse na praia. As épocas de saturación do Monumento Natural xeran unha percepción moi negativa entre os visitantes (destrución e redución das superficies ocupadas por hábitats prioritarios e de interese comunitario, perda de horizontes edáficos, instalación e expansión de especies exóticas invasoras, etc.), que redunda na avaliación do espazo e na calidade da oferta turística do propio Concello.”

O Catedrático de Xeografía Física da USC, Augusto Pérez Alberti, en declaracións a Europa Press, sinalou que consideraba que o suceso era “previsible”, xa que levaba dicindo “moito tempo que as visitas a zonas de cantís teñen que estar moito máis reguladas”, e que lle parecía “un erro que tanta xente puidera acceder á zona das Catedrais, porque é un espazo reducido e con covas”.

Este mesmo investigador considera que “800” xa serían moitas persoas ao día visitando a Praia das Catedrais.

Pérez Alberti sinala que os cantís “en momentos moi puntuais, por exemplo, en períodos de choivas, teñen unha sobrecarga hidrostática nas rochas, e iso provoca movementos en masa, que poden derivar en que caia unha parte ou caia todo en masa”. Ademais, sinala este experto que en períodos de choiva se debe extremar a precaución.

Nunha entrevista en La Voz de Galicia este investigador advertira en 2017 que era posible que sucedesen este tipo de desprendementos na praia das Catedrais.



A Xunta, logo do suceso, clausurou o acceso á praia das Catedrais, pero a páxina oficial para descargar a autorización de visita á praia (<http://ascatedrais.xunta.es>) permite solicitar e conseguir autorización no domingo, 1 de abril.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben formulan a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que medidas impulsou e vai impulsar a Xunta para investigar este suceso?
2. Vai a Xunta tomar algunha medida (informativa, inspeccións...) para evitar situacións destas características?
3. Considera a Xunta que nun lugar de risco, con tanta afluencia de visitantes a diario, debe haber dotación médica móbil?
4. Que tempo de resposta tiveron os medios de emerxencia desprazados ao lugar do accidente?
5. Que medidas ten tomado a Xunta ante as advertencias de investigadores sobre a exposición a risco de desprendementos da gran cantidade de visitantes á Praia das Catedrais?
6. Ten previsto a Xunta revisar os límites de acceso de persoas á Praia das Catedrais?
7. Vai a Xunta ter en conta para as limitacións diarias de visitantes á Praia das Catedrais a situación meteorolóxica?



8. Vai a Xunta impulsar un informe exhaustivo acerca da evolución xeolóxica dos cantís da Praia das Catedrais?
  
9. Cales foron os resultados do informe bianual de seguimento do Plan de conservación do monumento natural da Praia das Catedrais?
  
10. Que investimentos ten previsto a Xunta nos vindeiros anos para colaborar co Concello de Ribadeo na conservación do monumento natural da Praia das Catedrais?
  
11. Por que non se desactiva, durante os días que permaneza pechada, o mecanismo da web que permite obter autorizacións de visita á praia?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/04/2018 13:28:26**

**Luis Villares Naveira na data 02/04/2018 13:28:33**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Durante os últimos días do mes de marzo foi coñecido, mediante os medios de comunicación, que a subdirectora xeral de Farmacia da Xunta de Galicia cesaba, a petición propia, das súas responsabilidades, para traballar para o Ministerio de Sanidade como encargada dun estudo sobre farmacia. As novas coñecidas apuntan tamén a previsión de que formará parte, proximamente, do cadro de dirixentes do propio Ministerio, ocupando posiblemente o cargo de subdirectora xeral de calidade do medicamento.

Este cargo de subdirectora xeral de Farmacia estaba ocupado, ata o de agora, por unha persoa investigada xudicialmente por un posible delito de homicidio imprudente por retrasar os fármacos da hepatitis C, segundo apunta a Fiscalía que atribúe tamén un delito de prevaricación asociado a este caso.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego deste ascenso para unha persoa investigada por delitos de homicidio imprudente e prevaricación?
2. En que data presentou o cese voluntario a persoa referida? Cal é a súa relación laboral actualmente coa Xunta de Galicia?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia do traballo desenvolvido pola subdirectora xeral de Farmacia no seu tempo nesa función?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia do traballo desenvolvido pola recente subdirectora xeral de farmacia durante todas as súas responsabilidades dentro do organigrama da Xunta de Galicia?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 02/04/2018 17:37:26**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2018 17:37:31**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para súa resposta oral na Comisión 8ª.

No ano 2005, o Sr. Enrique López Veiga, naquel momento conselleiro do Mar mercou dous Sikorsky S-76 C+, os coñecidos como Pesca 1 e Pesca 2, segundo a consellaría, eran os helicópteros que mellor se adaptaban ás costas galegas. Como a Xunta non tiña persoal propio, tal como rescatadores, mecánicos, pilotos ... etc, subcontratou con INAER, actualmente BABCOCK ESPAÑA, ese persoal.

Posteriormente, no ano 2012, a Xunta, decidiu malvender os dous Sikorsky S-76 C+. Esta xestión foi duramente criticada polo Consello de Contas, en canto a que se omitiron os procedementos legalmente establecidos e que se acudiu a un trámite excepcional, en lugar de seguir os procedementos legais. O comprador foi INAER, empresa coa que posteriormente se estableceu un contrato de 5 anos para operar as aeronaves.

En outubro de 2017, ante un primeiro concurso que quedou deserto, a Consellería do Mar lanzou unha consulta ao mercado para determinar cal debería ser o custe do servizo. Posteriormente, o segundo concurso resolveuse a favor, novamente, da mesma empresa que viñera prestando os servizos.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, isto resúmese en poucas palabras: trátase dunha sucesión de operacións, que implicaron todas elas maiores custes para Galicia, que unicamente beneficiaron e benefician a unha empresa adxudicataria, e puxeron de relevo a incapacidade de xestión do Goberno Feijóo con respecto aos fondos públicos.

Acabase de facer público que os Sikorsky S-76 C+, xubilados no ano 2012, segundo os argumentos da consellería do Medio Rural e do Mar, naquel momento, por obsoletos, e non adaptarse ás costas galegas, e para optar a aeronaves máis avanzadas tecnoloxicamente, están a ser utilizados por parte da empresa concesionaria coa aprobación da Xunta de Galicia.



## Grupo Parlamentario

Por todo isto a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da xestión levada a cabo nos últimos anos co Pesca 1 e Pesca 2?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) É coñecedor o Goberno galego de que a empresa adxudicataria está prestando un servizo cunhas aeronaves que son as mesmas que foron xubiladas por vostedes no ano 2012?

3ª) Que xestións fixo o Goberno galego para reclamarlle á empresa concesionaria a prestación do servizo con aeronaves que non estivesen retiradas e se adaptasen ás costas galegas?

4ª) Cre o Goberno galego que isto mostra capacidade de xestión dos recursos públicos?

5ª) Como garante o Goberno galego que se están a cumprir as condicións técnicas necesarias para o desenvolvemento do salvamento marítimo, cando se están utilizando unhas aeronaves que foron descartadas polo propio Goberno no ano 2012, por non cumprir as ditas condicións?

6ª) Que responsabilidades vai asumir o Goberno galego e concretamente a Conselleira do Mar, pola negligente xestión dun recurso destinado á seguridade das persoas do mar?

7ª) Que avances tecnolóxicos ofrecen estas aeronaves?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 02/04/2018 18:00:58**

**Julio Torrado Quintela na data 02/04/2018 18:01:10**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a xestión das visitas na praia das Catedrais, no Concello de Ribadeo, a avaliación dos riscos e as medidas para garantir a seguridade de quen visita este espazo natural.

Na ponte de Pascua, o 31 de marzo, unha turista de Valladolid faleceu despois de lle caer unha pedra na cabeza mentres visitaba a Praia das Catedrais, no Concello de Ribadeo, concretamente o interior dunha das covas do areal.

A traxedia, que supón unha perda persoal irreparábel, obríganos a analizar as medidas adoptadas até o de agora no marco do Plan de conservación deste espazo natural así como a avaliación de riscos para as persoas que visitan as Catedrais, toda vez que o noso país estivo atinxido por fortes temporais nesas datas.

Neste senso, distintas voces da Universidade aseguraron ter advertido dos riscos que carrexaba para a poboación o deterioro das rochas (arcos e covas) causado polo vento e a auga así como a presión turística que sofre de maneira continuada o espazo (visitado por case 5 mil persoas diarias en temporada alta, incluída a Pascua).





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2018 18:29**  
**Nº Rexistro: 28668**  
Data envío: 02/04/2018 18:29:11.257

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cal foi a orixe do desprendemento da rocha que causou a morte dunha muller o 31 de marzo mentres visitaba a praia das Catedrais?

- Cando se producira a última visita de persoal técnico da Xunta de Galiza para avaliar o estado dos arcos e covas do areal?

- Con que periodicidade desenvolve estas avaliacións o Goberno galego e que departamento ou departamentos son responsábeis de levar a cabo ese traballo?

- Que medidas de seguridade adopta a Xunta de Galiza cando teñen lugar no noso país, especialmente na Mariña, temporais que poden causar un maior deterioro deste espazo natural agravando os potenciais riscos para a poboación que o visita?

- Despois do accidente, ten desenvolvido ou pensa desenvolver o Goberno galego algunha medida para evitar que se volva producir algo semellante?

- En caso afirmativo, que medidas adoptou ou pensa adolpar?

- Cre a Xunta de Galiza que case 5 mil visitantes ao día é asumíbel para garantir a conservación deste lugar e a seguridade das persoas que se achegan ás Catedrais?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2018 18:29**  
**Nº Rexistro: 28668**  
Data envío: 02/04/2018 18:29:11.257

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2018 18:27:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/04/2018 18:27:48**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/04/2018 18:27:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/04/2018 18:27:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2018 18:27:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/04/2018 18:27:55**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado mes de decembro o Pleno de Lalín apoiou ao completo a moción en relación á reapertura de explotación da mina de Touro, tal e como veñen facendo outros concellos, ao considerarse inadmisibles os impactos sobre o medio ambiente, a saúde, e socioeconómicos para a zona de Touro e toda a zona de influencia da bacía do Ulla augas abaixo da mina. Nesa proposta acordouse solicitar o trasladar á Xunta de Galicia, o rexeitamento desta corporación a este proxecto, a denegación da reapertura da actividade mineira, e obrigar ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.

Cabe pensar que o grado de incidencia de dita explotación non reportaría unha afección e/ou impacto directo para Lalín. Pero algunhas evidencias contidas no proxecto poñen de manifesto que Lalín pode xogar un papel complementario, pero estratéxico, para esta explotación mineira, debido a súa posición xeográfica e a presenza dunhas instalacións ferroviarias de considerable amplitude e, practicamente, en desuso.

Pero ao BNG preocúpanos moito, dada a natureza e poder contaminante dos chamados “concentrados de cobre”, a idea da empresa de habilitar na explanada do apeadoiro de Botos unha terminal loxística de transferencia e carga deste tipo de



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2018 10:56  
Nº Rexistro: 28691  
Data envío: 03/04/2018 10:56:32.383

produto mineiro, dado o risco de impacto ambiental e sobre a saúde asociado: para a poboación próxima, sobre o Asneiro e sobre a estrutura agrogandeira da zona.

Así o “Proxecto Touro. Actualización do proxecto de explotación vixente de cobre de Touro. Marzo de 2017”, recolle no seu apartado 3.1, na páxina 13, o seguinte: “a rede ferroviaria na Galiza está ben desenvolta, e Lalín, a uns 40 km ao surlreste de Santiago de Compostela, foi identificada **COMA O PUNTO DE PARTIDA MÁIS APROPIADO PARA O TRANSPORTE DE CONCENTRADOS** no caso de empregar o sistema ferroviario.”

Xa que logo, existe unha previsión real da mineira Cobre San Rafael, S.L de asentar na Estación de Botos unha terminal loxística de carga dos concentrados de cobre que procedería da explotación no caso de contar cos permisos.

A posibilidade de escoller Botos trátase dunha opción da que sospeitamos pode ter un especial interese para o grupo empresarial do que forma parte Cobre San Rafael S.L, pois unha posible terminal de carga en Botos pode suporlles un enlace ferroviario coas instalacións coas que conta a súa matriz na zona portuaria de Huelva, igualmente conectada ao sistema ferroviario ou as minas de Riotinto. Deste modo a compañía “Impala Terminals Huelva” (empresa pertencente ao grupo Trafigura, grupo que posúe o 22% de Atalaya Mining, a cal opera na mina de Touro mediante a súa sociedade instrumental Cobre San Rafael SL) conta cun dos máis importantes Centros Loxísticos e de Blending de Concentrado de Mineral no porto de Huelva, onde se levan a cabo operacións de macroalmacenamento e labores de blending de concentrados de mineral de cobre e zinc para a súa comercialización destino a refinerías e fundicións no mercado asiático e americano. Ademais de contar cunha planta propia de fundición de cobre.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2018 10:56**  
**Nº Rexistro: 28691**  
Data envío: 03/04/2018 10:56:32.383

Os “concentrados de cobre” son compostos minerais tratados que aglutinan unha maior fracción ou pureza de cobre, resultado de diferentes fases de cribado e separación por medios mecánicos, así como o uso de importantes cantidades de reactivos químicos, polos que de maneira sucesiva se trituran, moen, e trátanse quimicamente por flotación, espesado e filtrado, para así separar a fracción que contén máis pureza en Cobre do resto ou estériles. Unha vez obtido ditos concentrados de cobre quedarán preparados para transportar con destino aos centros loxísticos de carga antes de chegar as fundicións localizadas noutros puntos do planeta.

Con respecto a estes concentrados o proxecto simplemente recolle que dito transporte realizárase ben en tolva ou bañeira de camiión ou en contedor. Sen garantirse e especificarse se o seu transporte tería lugar en condicións herméticas. Aspecto sumamente importante, sobre todo para determinar o posible grado de impacto ambiental na zona de almacenamento dunha terminal de carga. Pois o nivel de emisións de po e partículas ao entorno, así como o risco de lixiviación e arrastres, pode resultar moi perigoso no caso de bascular a carga dende a caixa ou tolva do camiión sobre unha explanada ao aire libre, como a que ofrecen as instalacións de Botos.

Estes concentrados de Cobre non están exentos de xerar un impacto ambiental importante, xa que na súa composición predomina a presenza de metais pesados e químicos e/ou reactivos usados nos tratamentos para separar o cobre dos estériles, que liberados no medio ambiente, por derrames ou a partir de arrastres por lixiviación ou suspensión eólica naqueles lugares onde se depositan, resultan altamente tóxicos e bioacumulativos na cadea trófica. Así ditos concentrados, ademais de conter un cobre de alta pureza, presentan outros elementos, en menor porcentaxe, coma arsénico, mercurio, chumbo, zinc, ouro ou prata, así como compoñentes sulfurosos dos anteriores. Xunto con restos de reactivos químicos. En resumo, trátase de terras con alta composición de metais pesados e químicos que conforman un material particulado tóxico que poden ter



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2018 10:56  
Nº Rexistro: 28691  
Data envío: 03/04/2018 10:56:32.383

unha vía aérea de dispersión, transportado como po polo vento, e decantados en lugares próximos. Así como a filtración nas redes de auga por lixiviado e arrastre ate os ríos. Unha exposición constante a medio e longo prazo, derivada da fuga aérea de cantidades deste po, moi espeso, e posterior depósito na contorna, emitidas nos traballos de transferencia dentro da terminal de carga, pode causar danos irreparables para a saúde das persoas, destacando o cancro de pulmón coma unha das enfermidades que se vinculan a este tipo de exposicións.

Con respecto á previsión de produción de concentrado de cobre que baralla a compañía mineira, nunha primeira fase, estima unha cantidade de 63.854 toneladas de concentrado de Cu cun 27% de lei. Ampliando a unha segunda fase a 102.166 tm. Cantidades que na súa totalidade poderían circular e ser transferidas, sen especificarse no proxecto o modo de almacenamento temporal na terminal de carga, ata as vellas instalacións ferroviarias de Botos, que se presume deberían adecuarse para esta finalidade. Xunto a este impacto habería que considerar o xerado pola circulación de camións entre o lugar de produción, a 40 km, e a estación de Botos, estimándose un fluxo dunha entrada e saída duns 4.000 recorridos de ida e volta de camións ao ano.

Estamos polo tanto diante dunha previsión da empresa que, no caso de tomar forma, pode resultar moi preocupante para Lalín, nomeadamente para os lugares de Botos, Viñoa, Des, Soutolongo, Mouriscade, ..., e sobre as augas do río Asneiro, polo alto poder contaminante e toxicidade para o medio ambiente e saúde dos produtos e subprodutos derivados desta minería.

Manifestamos o noso rexeitamento a que as instalacións ferroviarias da estación de Botos poidan albergar unha terminal de carga de concentrado de cobre procedente das minas de Touro no caso de poder acadar a autorización de actividade.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

--Existe xa algunha petición ó goberno galego ou a ADIF por parte da empresa Cobre San Rafael S.L para habilitar dita terminal de carga nesta estación?

--Que riscos ambientais e sobre a saúde presenta o transporte, descarga e acopio dos concentrados de cobre procedentes desta explotación nos posibles lugares habilitados coma terminais loxísticas de carga?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 10:55:04**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2018 10:56**  
**Nº Rexistro: 28691**

Data envío: 03/04/2018 10:56:32.383

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 10:55:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 10:55:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 10:55:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 10:55:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 10:55:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

O Ministerio de Hacienda e Función Pública (MINHAP) acaba de publicar o informe mensual sobre execución orzamentaria das Comunidades Autónomas correspondente ao mes de decembro e polo tanto cos datos acumulados para o conxunto do exercicio 2017.

Este informe permite coñecer e analizar a evolución orzamentaria acumulada ao mes de referencia que neste caso, ao ser o mes de decembro, permítenos coñecer, aínda que non sexa de forma definitiva, o nivel de execución dos orzamentos das diferentes CCAA, así como tamén, realizar unha comparativa entre os diferentes territorios no total do ano 2017.

O informe do Ministerio detalla a evolución dos ingresos e os gastos así como o déficit ou superávit das diferentes Comunidades Autónomas.

Como despois se verá, Galicia presenta un orzamento que se aproxima ao equilibrio, o que podería resultar un aspecto positivo, pero que se volve negativo cando se observa a forma a través da cal é acadado, xa que non o fai ingresando máis, senón gastando menos.

Os ingresos non financeiros acumulados para o conxunto do ano 2017 acadaron en Galicia a cifra de 8.684 millóns de euros, cantidade que comparada co mesmo período do ano 2016 supón un incremento do 4,8%.



Poren, esta taxa de crecemento resulta tan decepcionante como preocupante cando se compara coa media do Estado porque a taxa de variación media dos ingresos no total das CCAA foi do 7%.

Unha diferenza de difícil comprensión, que acada a súa máxima expresión cando a comparamos coas CCAA con mellor comportamento. Porque en Canarias a taxa de incremento dos ingresos non financeiros é do 12,03%, en Baleares do 10,56%, na Comunidade Valenciana do 10,79%, e en Cataluña do 7,34%.

Cando tomamos como referencia os territorios forais, a diferenza resulta aínda moito mais negativa. En Navarra, o incremento dos ingresos con respecto ao ano 2016 acada o 16,91% e no País Vasco, o 10,86%.

Galicia ten, polo tanto, unha baixa taxa de variación dos ingresos non financeiros que nos coloca como a cuarta peor entre as CCAA do réxime común.

Para entendela mellor, si Galicia tivera unha taxa de variación igual á media das CCAA os seus ingresos serían 192 millóns máis que os realmente acadados no conxunto do ano 2017, e chegarían ata 519 millóns de euros se tomamos como referencia a taxa de variación de Valencia.

Por qué tendo unha peor evolución nos ingresos Galicia está entre as CCAA con maior equilibrio orzamentario? Porque o que fai é gastar menos. Gastar menos é a forma que ten a Xunta de Galicia para reducir o déficit orzamentario.

O gasto non financeiro acumulado no ano 2017 en Galicia é de 8.927 millóns de euros, o que supón unha taxa de variación do 3,3% sobre o mesmo período do 2016.

No conxunto das CCAA do Estado o gasto non financeiro incrementouse no 4,5% sobre o ano anterior, o que pon de evidencia a estratexia de gastar menos que ten a Xunta de Galicia.



Aquí tamén as diferencias coas CCAA que teñen un mellor desempeño é notable. Galicia é a sexta comunidade do réxime común na que menos se incrementa o gasto e sitúase a gran distancia das que encabezan o ranking.

Canarias e Baleares son as que incrementan máis a súa capacidade de gasto, no entorno do 9%, grazas aos seus maiores ingresos. Pero de novo tamén destaca a Comunidade Valenciana co 6,13%, ou a Comunidade Autónoma de Castela León, cun incremento do gasto do 8,77%.

E aquí tamén hai que recordar que si a inflación interanual media ata decembro está no 2,1% o gasto en termos reais situaríase ao redor do 1%, isto é, estaría practicamente estancado.

En síntese no último exercicio Galicia presenta unha evolución orzamentaria preocupante e negativa, con taxas de variación dos ingresos e dos gastos non financeiros inferiores á media das CCAA e afastada dos que teñen mellores valores, o que se traduce en ingresos e gastos por debaixo da media o que cuestiona a estratexia da consolidación fiscal, porque o equilibrio orzamentario non se consegue ingresando máis senón gastando menos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

- 1.ª) Como explica que en termos reais os ingresos crezan o 2,71% moi por baixo do que o fixo o PIB nominal?
- 2.ª) Cal é a razón de que os ingresos medren en Galicia en menor medida do que o fan o conxunto das CCAA?
- 3.ª) Ten cuantificado a Xunta os menores ingresos dos que dispón por esta peor evolución comparada coa media do Estado e sobre todo coas CCAA con mellor evolución?



4.<sup>a</sup>) Como explica a Xunta que a taxa de variación do gasto non financeiro sexa do 3,28% mentres que o PIB nominal creceu ao redor do 4,2% para o conxunto do ano 2017?

5.<sup>a</sup>) Esta evolución forma parte da estratexia do goberno de ir reducindo o peso do gasto público en relación ao PIB, seguindo o comprometido polo Goberno central coa Comisión Europea?

6.<sup>a</sup>) Como explica que en termos reais o gasto non financeiro estea practicamente estancado no ano 2017, o cuarto ano da fase alcista do ciclo?

7.<sup>a</sup>) Cal é a razón que pode explicar que a taxa de variación do gasto non financeiro no conxunto das CCAA sexa do 4,48% mentres que en Galicia é do 3,28%?

8.<sup>a</sup>) Ten cuantificado a Xunta o incremento do gasto en sanidade ou en educación que teriamos si o gasto público medrara en Galicia en taxas similares ás das CCAA con mellor evolución?

9.<sup>a</sup>) Por qué Galicia está entre as CCAA con peor evolución da variación do gasto público?

10.<sup>a</sup>) A evolución descrita no informe do MINHAP de menores ingresos e menores gastos é a estratexia de consolidación fiscal que ten o Goberno?

11.<sup>a</sup>) Observando os resultados de execución orzamentaria, considera a Xunta que a súa política fiscal é axeitada?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 03/04/2018 12:27:02**

**Antón Sánchez García na data 03/04/2018 12:27:17**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao grao de execución orzamentaria e modificacións de crédito dos programas vencellados á igualdade e á violencia machista.

Se ben a loita pola igualdade desde as administracións públicas debe ser un obxectivo transversal a todas as áreas de goberno, é importante tamén a dotación de partidas específicas, tanto para visibilizar a súa importancia como para levar a cabo as actuacións concretas por parte dos departamentos encargados das mesmas acorde o recollido na lexislación vixente.

Neste sentido, nos Orzamentos recentes da Comunidade Autónoma Galega constan dous programas a destacar, o *313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller* e máis o *313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero*. Unha vez recibidos os correspondentes informes de execución e modificacións orzamentarias observamos como varios programas que vertebran as políticas sociais ven reducido o seu orzamento mediante as correspondentes modificacións.

Pechado o ano 2016 o programa *Accións para a igualdade, protección e promoción da muller* contaba cunha execución do 84,9% aínda que o seu crédito final (crédito vixente) reduciuse con respecto ao crédito inicial cunha diferenza de até un



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2018 12:42  
Nº Rexistro: 28697  
Data envío: 03/04/2018 12:42:28.571

12,3% menos. Pechado o ano 2017 dito programa de accións para a igualdade executouse nun 85,6%, xa que logo, quedou sen executar 1.054.000 euros dos 7.029.000 euros cos que estaba dotado.

Doutra banda, observamos con preocupación que no caso do programa de *313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero* se ben no ano 2016 pechaba o exercicio cunha execución do 97,8% teña un descenso até o 92,6%. Por outra banda, cabe destacar que este programa xa sufriu unha modificación de crédito que fixo que pasase de 5.237.000 euros de crédito inicial a 4.853.000 de crédito final.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Cal é a valoración do goberno galego sobre a redución da execución do programa *313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller*?

-Cales son as razóns que explican a evolución da execución do programa *313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller*?

-Que medidas levou a cabo a Xunta de Galiza para corrixir a baixa execución do programa *313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller*?  
Considera que superar o limiar do 85% é suficiente?

-Considera o goberno galego suficientemente dotado o programa *313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller*?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Ten avaliado o goberno galego a necesidade de incrementar os orzamentos específicos para tratamento e prevención da violencia machista até o 1% do conxunto dos orzamentos? En base a que razóns?

-Considera o goberno galego positivos os datos referidos? Que medidas ten planificadas para aumentar e estabilizar unha alta execución orzamentaria?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 12:31:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 12:32:08**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2018 12:42  
Nº Rexistro: 28697

Data envío: 03/04/2018 12:42:28.571

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 12:32:10**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 12:32:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 12:32:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 12:32:14**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Pasados máis de catro meses dos lumes que calcinaron amplas superficies de monte en todo o País, unha parte importante da madeira queimada continúa a agardar por ser retirada. Este problema agudízase nos montes veciñais conveniados coa Xunta porque a Administración está a convocar con extrema lentitude as poxas para a corta dos lotes afectados.

Mentres que nos montes veciñais en man común xestionados pola veciñanza comuneira, a madeira queimada estase sacando a tempo e a prezos razoables, nos montes veciñais conveniados xestionados pola Administración Forestal aínda está sen sacar e desprezando o seu valor económico día a día. Este feito amosa a lentitude e ineficacia da xestión da Administración Forestal.

O descontento das comunidades de montes conveniados por estes retrasos na corta e saca da madeira queimada vai crescendo a medida que pasa o tempo pois os retrasos nas cortas están desprezando a madeira de valor comercial aumentando así as perdas xa considerables dos incendios.

Esta ineficacia na xestión da Administración nos montes veciñais en man común conveniados, vai significar que o valor económico que sacarán as comunidades de



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

montes por esta madeira queimada, ha ser raquíptico .Se todo o sector “montes”(incluíndo a industria da madeira), entende que cos lumes ninguén sae beneficiado, entendemos que sería o momento de que a Consellería do Medio Rural e a industria madeireira asinasen un pacto mediante o cal, a industria da madeira se comprometese, cando a xestione a Consellería do Medio Rural, a saca-la madeira queimada, polo mesmo valor con que a sacaron nos montes veciñais sen consorcios e/ou convenios. Se de verdade os lumes non benefician a ninguén, este compromiso non sería difícil de cumprir .

A deixadez e falta de eficiencia vese acrecentada pola lentitude na resolución das solicitudes de axudas convocadas no outono pasado para a retirada desta madeira queimada sen valor comercial.

A Administración galega comprometeuse a asumi-la trituración desta madeira que as Comunidades de Montes non fosen quen de sacar polos seus propios medios. Non sabemos aínda se foron palabras que leva o vento ou falas firmes de compromiso.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cando ten previsto a Xunta de Galicia resolve-las solicitudes de axudas para a retirada da madeira queimada sen valor comercial?

-Ten previsto asumi-la trituración da madeira queimada sen valor comercial que as Comunidades de Montes non sexan quen de sacar polos seus propios medios?

-Que opina o goberno galego da posibilidade, en casos de urxencia por incendios forestais tales como os acontecidos no pasado mes de outubro de 2017, de modificar o sistema de comercialización da madeira en montes con convenio contando



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2018 13:19**  
**Nº Rexistro: 28702**  
Data envío: 03/04/2018 13:19:37.242

coa participación das comunidades de montes, para lograr a saca rápida da madeira queimada?.

-Parécelles lóxico nestas situacións extraordinarias e urxentes realizar poxas a risco e ventura, coa tardanza que implica ante a necesidade de medición de toda a madeira?.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 13:16:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 13:16:28**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2018 13:19  
Nº Rexistro: 28702

Data envío: 03/04/2018 13:19:37.242

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 13:16:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 13:16:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 13:16:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 13:16:35**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2018 13:37  
Nº Rexistro: 28705  
Data envío: 03/04/2018 13:37:46.649

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 19 de setembro de 2017, o grupo parlamentar do BNG presentou unha solicitude de documentación ao abeiro do artigo 9 do Regulaento da Cámara.

Na citada solicitude, o BNG demandaba a seguinte documentación:

“Expedientes informativos e sancionadores tramitados pola Xunta de Galiza en relación co incumprimento do rexime de visitas ao BIC Pazo ou Torres de Meirás desde o ano 2011, así como os expedientes dos convenios asinados pola Xunta de Galiza coa propiedade deste BIC e todos os escritos enviados ou recibidos pola administración autonómica á Fundación Franco”.

Transcorridos máis de 6 meses desde a devandita solicitude, non recibimos resposta ao respecto.

Polo anteriormente exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2018 13:37**  
**Nº Rexistro: 28705**  
Data envío: 03/04/2018 13:37:46.649

Por que razón o goberno da Xunta de Galiza incumpre a súa obriga de trasladar ao Parlamento a información solicitada a respecto do Pazo de Meirás, a familia Franco e a Fundación Francisco Franco?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 13:36:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 13:36:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 13:36:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 13:36:26**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2018 13:37**  
**Nº Rexistro: 28705**

Data envío: 03/04/2018 13:37:46.649

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 13:36:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 13:36:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención sanitaria na comarca de Verín está sendo motivo de preocupación das persoas usuarias, colectivos de pacientes, asociacións profesionais, representantes dos traballadores e organizacións sociais e políticas, que apuntan a un empeoramento dos servizos sanitarios froito da escalada de recortes e redución de medios, humanos e materiais, que se promoven dende a Xunta de Galicia.

O pasado día 24 de marzo manifestáronse en Verín milleiros de persoas coa vontade clara de enviar unha queixa sobre as decisións que están afectando negativamente á súa atención sanitaria, e co desexo de que se modifiquen as liñas estratéxicas marcadas pola Consellería de Sanidade.

Usuarios, profesionais e diversos colectivos sinalan graves problemas de atención froito da imposibilidade de atender a todas as necesidades co deficitario número de persoal existente. O Hospital de Verín mantén unha soa enfermeira por máis de 30 pacientes durante moitas ocasións en quendas de noite. Dende novembro de 2017, o servizo de traumatoloxía viu reducido o número de especialistas resultando nun número moito menor de intervencións, estando na actualidade en apenas 1 ou 2 días de actividade por semana, o que conleva demoras e perda de calidade de vida na poboación. Esta redución vese agravada polas patoloxías específicas da zona, apuntándose como exemplo paradigmático a intervención de próteses, reducida nos últimos tempos de maneira significativa e correlacionada co menor número de especialistas, nunha poboación envellecida e que acrecenta esta característica sistematicamente. Outros servizos, como os de medicina interna, vense afectados pola mesma redución que resulta nesa perda de calidade asistencial.

## Grupo Parlamentario

De igual maneira, o servizo de pediatría está atendido por un profesional próximo á xubilación, o que xera inseguridade entre usuarios/as que non saben se poderán ter o servizo cando isto ocorra, mentres que dende a dirección do centro non ofrece unha resposta sobre o problema.

A implantación da hospitalización a domicilio, a priori unha medida boa, iníciase neste mes de marzo despois de anos de anuncios, sen concrecións sobre a dotación de recursos e persoal que permitan unha correcta organización do servizo de sen que teñan persoal asignado de maneira directa e específica.

En termos xerais, o déficit de persoal e de recursos materiais provoca estes problemas nos servizos citados, o que causa graves consecuencias para a poboación afectada, e dificulta a labor dos e das profesionais que se esforzan por manter o nivel asistencial o máis alto posible que permiten as estratexias definidas pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é satisfactoria?
2. Ten constancia a Xunta de Galicia dos déficits de servizos que se veñen apuntando dende os colectivos de pacientes, profesionais e diversas organizacións?
3. Trasladou a dirección do Hospital de Verín algunha necesidade en termos de persoal á Consellería de Sanidade?
4. Trasladou a dirección do Hospital de Verín algunha necesidade en termos materiais á Consellería de Sanidade?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:14:07**

**Raúl Fernández Fernández na data 03/04/2018 13:14:13**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:14:22**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Nola Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servicios sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

O caso da comarca do Condado-Paradanta supón un exemplo paradigmático do que se resinte a atención sanitaria no caso dunha atención primaria mermada. As súas condicións xeográficas e demográficas caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están

## Grupo Parlamentario

desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios.

A comarca conta con varios centros de saúde, nucleados en torno ao centro de saúde de Pontearreas que conta cun PAC. Non entanto, as condicións dos centros e a dotación de persoal non consegue cubrir as necesidades asistenciais da mellor maneira. En termos de infraestruturas, a titularidade dos centros de saúde está, nalgún caso, en mans municipais, o que dificulta o seu mantemento para orzamentos pequenos polo tamaño dos concellos. A consellería segue sen atender ás demandas locais e a cumprir os acordos asinados coa Fegamp para asumir o coidado e mantemento das instalacións que dan servizo sanitario, cuestión de competencia autonómica. Así, existen numerosas deficiencias en termos de accesibilidade, con espazos que son de acceso complicado para as persoas con dificultades de mobilidade, e incluso imposible para acceder cunha cadeira de rodas aos aseos nalgún caso deles, como o de Mondariz. A saturación dos centros, que necesitan ampliacións ou habilitacións de novos espazos, impide desenvolver a actividade con total garantía. Así, no citado centro de Mondariz existen cuartos anteriormente utilizados como baño, que agora se usan para ofrecer algún tratamento, a pesares de contar con canalizacións sen tapar e buracos de anteriores WC ao aire. No centro de saúde de Pontearreas están todos os espazos ocupados, non podendo ofrecer nin sequera unha posibilidade de reubicar servizos, e obrigando a acumulacións de pacientes en espera por non ter máis cuartos. O Centro de Saúde de As Neves conta cun so cuarto de baño para todo o persoal e pacientes do centro de saúde, con dificultades de accesibilidade incluso, e que dificulta o desenvolvemento normal da actividade.

O déficit de persoal é un hábito nos centros de saúde da comarca. A non substitución de persoal, como estratexia sistemática, provoca que as ratios pacientes por facultativo ou persoal de enfermería aumentan ao ter que cubrirse entre os profesionais, chegando de maneira estándar aos 50 pacientes ao día por profesional facultativo. A ausencia de persoal impide mellorar algún servizo, como no caso dos raios X no Centro de Saúde de Pontearreas. A reiterada petición do persoal dun

## Grupo Parlamentario

técnico para utilización da máquina de raios está sen atender, cando a presenza dun profesional permitiría usar este aparato polas tardes, liberando da necesidade de desprazar pacientes a Vigo, e permitindo unha maior calidade de traballo, facilidade para a diagnose e mellores condicións para os profesionais. A esta situación engádense as deficientes condicións do persoal dos PAC, que foron formuladas para solución no Parlamento de Galicia polo Grupo Socialista e que, sen marxe ao acordo, foron rexeitadas polo Grupo Popular.

O caso do desprazamento aos centros hospitalarios de Vigo evidencia tamén as condicións da comarca, pois a existencia dunha soa ambulancia impide desenvolver a esta un traballo eficiente no plano puramente asistencial, estando saturado o seu uso e non podendo ser un recurso optimizado.

Esta situación agrávase coa ausencia das xerencias de atención primaria, suprimidas coa implantación das EOXI, decisión afianzada coa aprobación da reforma da Lei de saúde, que prexudica por dificultar a coordinación das observacións e valoracións dos profesionais de primaria cara os responsables da Consellería de Sanidade.

Por estas e outras cuestións, a comarca do Condado-Paradanta necesita melloras na súa atención primaria, para poder recibir un servizo con total garantía de calidade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria da comarca do Condado-Paradanta pódese considerar satisfactoria?
2. Ten a Xunta de Galicia a constancia das melloras necesarias nos centros de saúde da comarca, sinaladamente en termos de adecuación dos espazos para a atención sanitaria? E na cuestión da accesibilidade para persoas usuarias con déficit de mobilidade?

 Grupo Parlamentario

3. Por que a Xunta de Galicia desbota a contratación dun técnico especialista en radioloxía para a utilización polas tardes do aparataxe situado no Centro de Saúde de Pontearreas? Considera a Xunta de Galicia que a contratación dun técnico para este fin non sería eficiente?
4. Ten prevista a Xunta de Galicia algunha mellora para os centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta? Cal? Cando? Que orzamento está previsto para esta cuestión?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:29:29**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:29:35**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:29:40**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A chamada “Residencia do Maior de Pontevedra” é un edificio sito na cidade, no céntrico barrio de Campolongo, que existe dende o ano 1993 e que, en 2008, pasou a ser tamén un centro con persoas dependentes. En concreto, agora mesmo hai 49 persoas en situación de dependencia recoñecida, aínda que, dada a falla de valoración real do grado de dependencia das persoas usuarias, non é posible ter un coñecemento real da tipoloxía das persoas que están no centro.

Hai escasamente unha semana, o Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar solicitou unha xuntanza con este grupo parlamentario, dado o desleixo máis absoluto e por anos por parte da Consellería de Política Social respecto das persoas usuarias deste centro. Ao mesmo tempo, o Comité remitía denuncias ao Valedor do Pobo, á Fiscalía e á Inspección de Traballo e Seguridade Social, pois dende o ano 2015 a consellería vén facendo desleixo de funcións e tratando con desprezo calquera queixa relativa ao centro.

Os principais prexudicados son as persoas usuarias: non hai tomas de osíxeno nas habitacións; as alimentación na cama aumentan o risco de morte por atragoarse ou pola falla de tomas de aspiración; non hai sala de estar para o descanso na cuarta planta (onde se atopan as persoas asistidas), polo que se pasan todo o día sentadas na mesma cadeira; só existe un baño xeriátrico en toda esa planta; só hai unha habitación para illados; o centro carece de espazos ao aire libre...

Logo están as propias infraestruturas e a falla total de investimento durante os últimos anos, o que se amosa na inexistencia de saídas de evacuación ou no deficiente servizo de ascensores (só hai 2 e neles non entra máis que unha cadeira, nunca unha paiola) e que durante un longo



**Grupo Parlamentario**

tempo estiveron en situación irregular por non cumprir coa normativa vixente (teñen OCA dende decembro de 2017). O único investimento que ten feito o Goberno é o gasto duns 25000 euros para o arranxo obrigatorio do comedor (durante máis dun mes do verán houbo 8 residentes comendo nos corredores), pero sen mobiliario adaptado.

A todo o anterior hai que unir a escaseza de persoal. Unido a que o Goberno sabe ben que a Consellería de Política Social é a máis feminizada. Unhas necesidades mínimas requírense nos departamentos de Enfermaría (de maneira que se creen 2 DUES), 1 posto en Cociña (1 persoa con categoría a negociar) e auxiliares de enfermaría (5 persoas). A maiores, o médico só vai 4 días á semana (lembremos que hai 49 persoas asistidas), a fisioterapeuta só está a media xornada e non hai psicólogo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación na que se atopa a “Residencia do Maior de Pontevedra”?
2. Coñece o Goberno cal é a situación real das persoas usuarias do centro?
3. Coñece o Goberno a situación das infraestruturas?
4. Hai saídas de evacuación dende a cuarta planta?
5. Son suficientes os ascensores existentes?
6. Ten o comedor do centro mobiliario adaptado?
7. Coñece o Goberno galego as necesidades de persoal do centro?
8. Coñece o Goberno galego que, dado que a Consellería de Política Social é a máis feminizada, 8 enfermeiras e 1 auxiliar non puideron facer efectivo o seu dereito fundamental á folga do 8 de marzo de 2018?
9. Pensa o Goberno galego que, dadas as características deste centro, é suficiente con que o médico só vaia 4 días á semana, a fisioterapeuta estea a media xornada e non haxa psicólogo?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:30:48**

**María Luisa Pierres López na data 03/04/2018 13:30:53**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:30:58**

**Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:31:03**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro.

Coas estas dúas normas, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. E, aínda que en 2015, os xulgados galegos incoaron máis de 2500 expedientes de reforma menos que en 2010, segundo a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano 2015, as condenas por todo tipo de delitos graves contra as persoas téñense incrementado case no dobre en menores.

O “Avelino Montero” é un dos centros galegos onde se executan estas medidas; trátase dunha construción de mediados dos anos 80. Hai escasamente unha semana, o Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicaba ás persoas responsables desta consellería o desleixo máis absoluto e por anos respecto dos menores usuarios deste centro. Así, o estado calamitoso do centro en xeral, as deficiencias nas instalacións e a falla de persoal inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e só o grande labor dos profesionais acada impedilo.

Como exemplos deste desleixo: hai un baño sen parte das lousas do chan dende hai uns 4 meses; as fiestras que se mudaran hai pouco xa presentan problemas; o tufo a cano é tremendo en todo o centro; a condensación está xeneralizada; non hai auxiliares, médico, asistente

**Grupo Parlamentario**

social nin enfermeiro (só un psicólogo e unha mestra) e hai previsión pola Consellería de Política Social de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade (cando 4 é o número ideal para poder facer fronte ao control de acceso, aos 2 módulos e ás visitas ou outras xestións), segundo prego da propia consellería de 14 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego a intención de privatizar todos os centros do sistema de reforma de menores da Comunidade Autónoma?
2. Se a resposta anterior é positiva, entende o Goberno galego que o sistema actual (con 2 centros públicos e o resto privados e con centros de apoio privados tamén) non é o idóneo?
3. Ten coñecemento o Goberno da situación na que se atopa o Centro de Reforma de Menores “Avelino Montero” de Pontevedra?
4. Coñece o Goberno cal é a situación real dos menores usuarios do centro?
5. Coñece o Goberno a situación das infraestruturas deste centro?
6. Cal é a opinión do Goberno respecto de que neste centro non haxa DUES, médico, asistente social nin enfermeiro?
7. Por que o Goberno ten a intención de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade, segundo reza o prego da Consellería de Política Social, de 14 de decembro de 2017?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:41:05**

**María Luisa Pierres López na data 03/04/2018 13:41:11**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:41:16**

**Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:41:21**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O gasto farmacéutico supón un dos elementos de maior relevancia na xestión sanitaria, sendo unha das maiores partidas de gasto nos orzamentos autonómicos sucesivamente cada ano. Esta relevancia non é unicamente específica de Galicia, pois en España o gasto farmacéutico superou os 10.000 millóns de euros por primeira vez dende 2011.

O control das receitas emitidas, a prescrición e a súa utilización e eficiencia no tratamento supón un elemento necesario no control do gasto farmacéutico por parte da administración, tratando de coñecer a realidade a afrontar.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os principios activos máis receitaados no Sistema sanitario de Galicia no ano 2017?
2. Cales foron os principios activos máis receitaados no Sistema sanitario de Galicia nos anos 2010 a 2016?
3. Cal é o gasto farmacéutico da Xunta de Galicia nos anos 2010 a 2016 referido ás receitas emitidas e estruturado por principio activo receitaado? Cal é este gasto farmacéutico estruturado por EOXI?
4. Ten constancia a Xunta de Galicia de que exista un aumento significativo sinalado de gasto relacionado con algunha EOXI? E relacionado con algún principio activo ou tipo de medicamento?

 Grupo Parlamentario

5. Considera a Xunta de Galicia que existe, nos datos do gasto farmacéutico de Galicia, espazo para a súa optimización? Con que medidas? Ten previsto tomar algunha delas proximamente?
6. Que valoración fai a Xunta de Galicia da distribución do gasto farmacéutico por EOXI e por principio activo, e a súa evolución nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:47:21**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:47:27**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación do mercado laboral en Galicia poderíase cualificar como precario, inestable e sen dereitos. Os datos amosan que a empregabilidade se caracteriza por unha curta duración dos contratos, elevados índices de temporalidade, riscos para a saúde laboral, reducións de xornadas non desexadas, fenda xeracional, ou exceso de horas extras (con ou sen remuneración) case sempre de realización obrigatoria. As causas desta situación son múltiples, ademais da crise económica, e da reforma laboral posta en marcha polo PP, os instrumentos de creación de emprego, non está a cumprir os obxectivos polos que se puxo en marcha. Boa mostra desta ineficacia é o baixo grado de execución dos orzamentos da Xunta de Galicia nalgunha das áreas máis importantes desta materia, como é a “Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo”, da cal coñecíamos recentemente que, segundo informe da Xunta de Galicia do derradeiro trimestre do 2017, o grado de execución durante este ano foi dun 61,4 %, a máis baixa de todos os servizos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se debe a baixa execución da partida dedicada á “*Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo*” dos orzamentos do ano 2017?
2. Que consecuencias cre a Xunta de Galicia que pode ter na cidadanía esta baixa execución?
3. Cal é a previsión de execución da Xunta de Galicia, nos orzamentos do ano 2018, desta partida?
4. Ten previsto o Goberno galego implantar algunha medida para garantir que se execute durante este ano o 100 % do orzamento



 Grupo Parlamentario

dedicado a “*Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo*”?

5. En caso afirmativo, cales serán estas medidas?
6. Ten previsto o Goberno galego incrementar a contía desta partida nos vindeiros orzamentos?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 16:36:57**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2018 16:37:02**

**Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 16:37:04**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica nestes últimos anos, sendo máis acusada nos concellos rurais.

Os datos publicados polo IGE poñen de manifesto que en oito anos (2009-2017) perdemos case 85.000 persoas, 10.186 delas tan só no último ano.

Estes datos preocupantes de por si, agrávanse aínda máis se facemos unha análise por tramos de idade, así neste último ano (2016-2017) temos perdido 26.526 persoas de entre 20 e 39 anos, é dicir, o potencial máis mozo.

Se facemos a comparativa entre o tamaño dos concellos, vemos que nos concellos de menos de 20.000 habitantes se perden 10.304 habitantes, pero nos de máis de 20.001 habitantes, só se recuperan 118 persoas.

Este feito ten varias causas, pero podemos apuntar como as de maior peso, por unha banda o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e, por outra, a perda progresiva de servizos no mundo rural, que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para asentarse no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A dita afirmación non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2017 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Se medimos a execución tomando as obrigas recoñecidas sobre o crédito inicial, temos que:

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- A partida 712A Fixación de Poboación no Medio Rural presenta unha execución dun 81,3 %
- A partida 712B Modernización e diversificación do Tecido Produtivo Rural, presenta unha execución dun 66,8 %.
- A partida 712C Fomento do asociacionismo 31,4 %
- A partida 713B Ordenación das producións forestais 62,7 %
- A partida 713C Implantación de sistemas produtivos agrarias sustentables 91,2 %
- A partida 713 D Mellora da calidade na produción agroalimentaria 93,3 %

As modificacións orzamentarias durante o exercicio 2017 respecto do crédito inicial do orzamento supuxeron unha diminución total de 9.498.000 € menos para estas partidas, deixándose en total sen executar 67.625.000 € do inicialmente aprobado nos orzamentos.

Polo que, á vista dos datos existentes, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o despoboamento que estamos a sufrir?
- 2ª) Cales son as medidas que está a implementar o Goberno galego para evitar o despoboamento, fundamentalmente, do rural?
- 3ª) Cales son as razóns polas que a Consellería do Medio Rural deixou sen executar 67.625.000 € das partidas 712A, 712B, 712C, 713B, 713C e 713 D?
- 4ª) Considera o Goberno galego que se está favorecendo aos sectores produtivos existentes no rural para poder mellorar a súa competitividade e especialización?
- 5ª) Cales son as medidas que está a implementar o Goberno galego para favorecer a creación de novas empresas no rural?
- 6ª) Ten o Goberno galego elaborado algún estudo para incentivar o asentamento de poboación, fundamentalmente de xente moza, no rural?
- 7ª) Ten o Goberno galego elaborado algún estudo para incentivar a modernización, mellora da competitividade e/ou especialización dos sectores produtivos no rural?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2018 16:48:00**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2018 16:48:11**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/04/2018 16:48:21**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 03/04/2018 16:48:32**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A poboación galega, segundo os datos do IGE 2017, é de 2.708.339 habitantes, que dende o ano 2009 se ten reducido en preto de 85.000 persoas, 197.033 son persoas menores de 40 anos, datos que evidencian a inexistencia ou fracaso das políticas demográficas e sobre o emprego que eviten a emigración do potencial humano máis novo do noso país.

Os datos de emprego non son máis alentadores, así facendo unha comparativa, segundo os datos da EPA IV trimestre 2009/2017, temos que:

- O número de ocupados en Galicia ten diminuído en -86.400
- O Número de parados Galicia ten incrementado en +14.500
- O número de fogares con todos os seus membros no paro ten incrementado en: +16.300.
- O número de fogares sen ingresos ten aumentado en +15.200.
- Catro de cada 10 persoas viven en fogares sen capacidade de afrontar gastos imprevistos.

En resume: somos menos, máis envellecidos e dos que quedan traballan menos.

Con estes alarmantes datos, a Xunta de Galicia no exercicio 2017 da partida 32-Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo só executou o 69,9 % respecto do crédito inicial consignado nos orzamentos para ese exercicio, é dicir, 95.268.000 M € consignados para a promoción do emprego non foron executados, cos seguintes datos de execución:

- 322A Fomento da empregabilidade 71,1 %
- 322C- Fomento do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo 79,4 %
- 323A- Formación profesional de desempregados 64,8 %
- 323B- Mellora da cualificación do emprego 7,2 %
- 324C-Promoción da economía social 63,4 %



## Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente o Goberno galego do fracaso das súas políticas de emprego?

2ª) É consciente o Goberno galego de que o emprego de calidade ten que ser unha política prioritaria no noso país á vista dos datos socioeconómicos actuais?

3ª) É consciente o Goberno galego de que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, necesitan destes recursos para poder atender as necesidades da súa poboación?

4ª) Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia deixou sen executar máis de 95 millóns de euros para a promoción do emprego no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2018 17:09:00**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2018 17:09:07**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 17:09:17**

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O luns 6 de febreiro publicábanse no DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campana de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*)”, a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería do Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca.

O venres 20 de outubro publicouse no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña esta afectado pola couza guatemalteca.

O luns 26 de marzo publicouse no DOG que o concello de Muxía, na provincia da Coruña esta afectado pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*).

Na comisión 7ª aprobouse crear una comisión de seguimento da couza guatemalteca e dende ese momento só tivemos coñecemento de que se reuniu dúas veces, unha o 30 de xuño e a outra o 11 de outubro de 2017.

Por iso os deputados que asinan preguntan:



---

**Grupo Parlamentario**

Ten algunha data fixada a Consellería do Medio Rural para a reunión da comisión de seguimento da couza guatemalteca?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/04/2018 16:46:08**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 02/04/2018 16:46:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nesta fin de semana, un terrible accidente tiña lugar na praia de As Catedrais, no concello de Ribadeo: unha turista morría como consecuencia dun desprendemento nunha das covas da praia.

A praia está dentro de Rede Natura 2000 e foi declarada “Reserva da Biosfera” pola Unesco. Dende o ano 2015, o “Plan de Conservación do Monumento Natural da praia de As Catedrais” estableceu un sistema de reservas que regulou o acceso de visitantes e o limitou a un máximo de 4812 persoas diarias en épocas de vacacións. E xa en 2014, a Sociedade Galega de Historia Natural, en escrito dirixido á entón directora xeral de Conservación da Natureza (hoxe directora xeral de Patrimonio Natural), advertía do seguinte:

1. Que xa se detectaran nos anos anteriores caídas de pedras dos arcos e columnas pétreas, a estabilidade das cales podería estar comprometida.
2. Que o plan carecía dunha mínima diagnose sobre os compoñentes xeolóxicos e xeomorfolóxicos.
3. E que a súa preservación a curto ou medio prazo debía pasar por unha análise sobre a estabilidade dos distintos elementos, identificando os problemas, os posibles riscos, os posibles efectos que poderían repercutir no uso público do espazo e as medidas concretas para asegurar a súa preservación e estabilidade.

O Goberno di agora que en este tipo de monumentos naturais sempre hai perigo de desprendemento e que, cando se autorizan as visitas se comunican tamén os riscos. O certo é que os riscos que se comunican

**Grupo Parlamentario**

son só estar atento á suba da marea e extremar as precaucións cando se estea nos acantilados. Semella pois preciso que o Goberno dea explicacións máis alá do manifestado ata este momento, toda vez que é o responsable do acceso de visitantes ao areal, da xestión deste espazo natural e da seguridade das visitas, así como aclarar que medidas para evitar novos accidentes vai tomar.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que existe un plan de prevención de riscos suficiente para as visitas á praia de As Catedrais?
2. Ten o Goberno algún tipo de dispositivo de emerxencias e evacuación previsto ante a masiva afluencia de visitantes á praia? Se a resposta fose positiva, cal era o seu deseño?
3. Tiña realizado o Goberno algunha diagnose ou estudo xeotécnico sobre os compoñentes xeolóxicos e xeomorfolóxicos deste monumento natural? Cando? Cales foron os seus resultados?
4. Vai realizar o Goberno un estudo xeotécnico do monumento natural para coñecer o grao de estabilidade dos cantís?
5. Que medidas vai tomar o Goberno galego para garantir a seguridade dos visitantes na praia de As Catedrais?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
José Antonio Quiroga Díaz

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 17:29:45**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/04/2018 17:29:51**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/04/2018 17:29:56**



 **Grupo Parlamentario**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 03/04/2018 17:30:01**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## **A Mesa do Parlamento**

**Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular querémonos interesar sobre os controis sanitarios, a través das probas da brucelose, na cabana gandeira galega, dado que Galicia foi declarada no ano 2013 rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa, e en outubro de 2017 rexión oficialmente indemne de brucelose bovina, nos dous casos despois de cinco anos consecutivos sen casos de dita enfermidade.

Loxicamente, estes datos hai que valoralos de forma positiva porque benefician directamente ás nosas explotacións. Por exemplo, no caso do gando bovino permitirá reducir no presente exercicio o peso dos controis de saneamento que soportan os titulares das explotacións.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que para manter esta categoría de territorio indemne de brucelose é necesario seguir a traballar neste senso tendo en conta o que a normativa europea esixe.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario queremos que se concreten as probas de brucelose que se van a realizar nas ganderías de vacún de leite, no vacún de carne e no gando ovino e caprino.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que controis sanitarios de brucelose cumprindo a normativa europea se van a realizar nas explotacións bovinas de leite e de carne, e no gando ovino e no caprino?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 03/04/2018 18:07:41**

**José González Vázquez na data 03/04/2018 18:08:05**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 03/04/2018 18:08:18**

**Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2018 18:08:28**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2018 18:08:36**

**Moisés Blanco Paradelo na data 03/04/2018 18:08:43**

**Carlos Gómez Salgado na data 03/04/2018 18:08:49**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as actuacións que ten previsto desenvolver a Xunta de Galiza para evitar que a maternidade penalice o desenvolvemento da carreira investigadora das mulleres.

Nas últimas décadas, numerosos estudos teñen analizado a existencia, causas e alcance da brecha de xénero na ciencia e na tecnoloxía. Estes estudos sinalan que existen menos investigadoras, publican menos, obteñen menos financiamento e máis atrancos para progresas na súa carreira como científicas e tecnólogas.

Esta situación de desigualdade ten motivado a aprobación de resolucións e iniciativas a nivel institucional que expresan a preocupación pola escasa representación das mulleres na investigación científica e tecnolóxica. Entre os estudos relacionados con este asunto destaca o informe que ETAN (*European Technology Assessment Network*), publicou en 2001. Trátase dun documento referencial neste ámbito. Entre as súas conclusións destaca que considera que a infrarrepresentación das mulleres ameaza os obxectivos científicos de alcanzar a excelencia, ademais de ser un malgaste e unha inxustiza. No citado informe introdúcese unha serie de recomendacións para establecer cambios nas políticas públicas que rematen coa brecha de xénero neste ámbito. Entre as principais recomendacións que realiza están:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- A recompilación de datos desagregados por sexo e comparables entre países.
- Realización dunha análise das barreiras que impiden o acceso pleno das mulleres á ciencia e á tecnoloxía e o seu ascenso.
- A análise das diferenzas salariais existentes.
- Proceder a unha integración da igualdade de trato, de accións positivas e do *mainstreaming* de xénero nas políticas educativas e científicas.
- Mellorar as prácticas de selección e de promoción profesional.
- Representación mínima dun 40% de mulleres en todos os ámbitos.
- Orientación académica e laboral non sexista.
- Procurar o emprego de persoas expertas volantes.

Malia que van case dúas décadas desde a aprobación destas directrices, así como diferentes plans e resolucións tanto no ámbito galego como estatal e internacional, a discriminación de xénero segue a ser unha realidade que se manifesta no ámbito do coñecemento e da ciencia. Os datos estatísticos e as denuncias que se veñen formulando así o confirman.

Recentemente unha investigadora galega do Sergas (María de la Fuente) denunciaba ser discriminada polo feito de acollerse a baixas relacionadas coa súa dobre maternidade”. María ten 39 anos, é científica e nai de dous fillos. Denuncia con toda clareza que “Como tantas mulleres, fun penalizada no traballo debido á maternidade.” A



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/04/2018 09:30  
Nº Rexistro: 28815  
Data envío: 03/04/2018 18:35:41.963

causa reside nunha discriminación evidente: o seren avaliados os seus méritos (publicacións científicas, conferencias, patentes, teses doutorais dirixidas...) nun período de tempo concreto, non se ten en conta o tempo que estivo de baixa por maternidade. Isto constitúe unha desvantaxe e unha penalización polo feito de exercer os seus dereitos como traballadora cando é nai e un incumprimento da lexislación vixente na Galiza en materia de igualdade. Así o artigo 1. 2. d) do *DECRETO lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade*, establece que “O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres.”

Cómpre unha actuación dos poderes públicos galegos e nomeadamente da Xunta de Galiza con competencias en materia de igualdade para evitar situacións como as que relatamos nesta iniciativa e evitar as discriminacións de xénero. Só desde unha aposta real e clara por facer efectiva a igualdade de oportunidades e dereitos entre homes e mulleres se pode construír con éxito un espazo galego de investigación.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 28815**  
Data envío: 03/04/2018 18:35:41.963

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a situación das mulleres no desenvolvemento da súa carreira como científicas e tecnólogas no ámbito galego?

-Considera suficiente as accións para evitar a brecha de xénero na sistema científico e tecnolóxico da Galiza?

-Que valoración realiza da denuncia presentada por unha investigadora galega que afirma ser discriminada por ser nai? Existen máis denuncias neste sentido que coñeza a administración?

-Que medidas vai adoptar para garantir o principio de que a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres en xeral, e particularmente no ámbito científico?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

**Asdo.: Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/04/2018 09:30  
**Nº Rexistro: 28815**

Data envío: 03/04/2018 18:35:41.963

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 18:34:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 18:34:31**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 18:34:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 18:34:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 18:34:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 18:34:40**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás molestias que ocasiona a colocación das atraccións de feira pegadas ao centro de saúde de Tui.

O Concello de Tui tomou a decisión de que as atraccións de feira que se instalan con motivo das festas patronais de San Telmo, ubicalas na explanada que está pegada ao centro de saúde.

Como é de supoñer estas atraccións exceden con moito o volume, que se poida considerar aceptábel para poder ser compatíbel coa prestación sanitaria que se ten que realizar no centro sanitario. Ao ruído das atraccións súmase a existencia dun fío musical con altofalantes.

O nivel de ruído e de decibelios afecta negativamente á saúde das persoas doentes que acoden ao centro e fai practicamente imposíbel que @s profesionais poidan realizar a súa labor, sobre todo no horario de tarde e noite.

A isto hai que engadir que non queda espazo para que poidan estacionar as persoas que teñen que acudir ao centro, nin sequera se se trata dunha urxencia, ou persoas con problemas de mobilidade.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 28820**  
Data envío: 03/04/2018 18:53:53.307

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Parécelle axeitada a ubicación decidida polo concello de Tui para as atracción de feira das festas de San Telmo?

-Coida que é compatíbel unha axeitada calidade asistencial coa cantidade de ruído e decibelios que xeran estas atraccións?

-Vai o Sergas solicitarlle ao concello de Tui que minimize a repercusión negativa na asistencia sanitaria do centro de saúde de Tui por mor da presenza das atraccións de feira na explanada pegada ao mesmo, coa baixada do volume o máximo posíbel das atraccións, a retirada do fío musical, e a habilitar unha zona para aparcamento do centro de saúde?

-Vai solicitarlle que en vindeiros anos busque unha ubicación alternativa, que non supoña como a actual, a case imposibilidade de prestar asistencia sanitaria no centro de saúde, especialmente en horario de tarde e noite?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 28820**  
Data envío: 03/04/2018 18:53:53.307

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 18:52:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 18:52:25**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 18:52:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 18:52:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 18:52:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 18:52:30**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

José Lamas Doval figura como titular dunha subexplotación bovina de produción -reprodución de carne, e dunha subexplotación de pequenos rumiantes na parroquia de Galegos no concello de Riotorto (Lugo).

A día 3/10/17 o censo nas dúas subexplotacións era de 14 animais ( 7 maiores de 24 meses, 4 entre 6 e 24 meses e 3 menores de 6 meses ) de gando bovino, e 33 pequenos rumiantes ( 20 ovinos e 13 cabrúns).

O 17 de abril do 2017 realízanse as probas rotineiras de saneamento obrigatorio anual resultando reaccionantes positivas dúas reses bovinas, feito que se lle comunica xunto á inmovilización da explotación tanto de vacún coma de pequenos rumiantes, o día 25 de abril do 2017.

Na provincia de Lugo danse un bo número de reses con falsos positivos logo de seren sacrificadas que unido ó cambio de reactivos fan que haxa un crecente malestar entre os gandeiros.

A partir do 25 de abril, José Doval véndose ameazado coa inmovilización e posible retirada e sacrificio de todo o gando comeza a ter un comportamento errático de resistencia, de negarse a recibir as notificacións. A prensa faise eco da súa desgraza e o



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2018 10:46**  
**Nº Rexistro: 28823**  
Data envío: 04/04/2018 10:46:29.918

24 de maio son sacrificadas as dúas reses. Posteriormente, o 4 de agosto comunícaselle ó titular que debido á confirmación do positivo é preciso levar a cabo un baleiro sanitario obrigatorio na súa explotación.

Existen mostras múltiples de resistencia no desespero por parte do gandeiro ata que a 10 de xaneiro do 18 realízase a execución forzosa do baleiro sanitario capturándose os animais para seren sacrificados dun xeito un tanto cuestionable.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Que pasos vai dar a Consellería a respecto da situación deste gandeiro e do futuro da súa explotación?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2018 10:46**  
**Nº Rexistro: 28823**  
Data envío: 04/04/2018 10:46:29.918

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2018 10:43:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2018 10:43:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2018 10:43:35**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2018 10:43:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2018 10:43:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2018 10:43:40**



## Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.**

Todas as institucións relacionadas coa lingua galega están advertindo da súa preocupante situación cunha grave caída do seu uso sobre todo entre a xente máis nova.

Recentemente o Consello da Cultura Galega fixo público o estudo sobre prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia e agora é a Real Academia Galega a que deu a coñecer un novo estudo do Seminario de Sociolingüística, *Lingua e Sociedade en Galicia. Resumo de resultados, 1992-2016*, que presenta unha visión panorámica da situación social da lingua galega co obxectivo de identificar as tendencias que marcan a súa evolución nas ultimas décadas. Neste estudo advírtese da “crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos”

A RAG ve con moita preocupación o feito de que os datos estatísticos e sociolóxicos existentes indiquen que as xeracións máis novas estean xa protagonizando “un proceso de monolingüización en castelán a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos”

As causas de todo isto non están como afirma a Xunta no feito de que as familias falen menos galego senón na escasa presenza do idioma na socialización secundaria, nomeadamente no ámbito escolar e sobre todo en determinados contextos semiurbanos, e neste senso a análise afirma que o decreto 79/2010 está a producir un retroceso nos avances conseguidos no pasado no ámbito escolar.

 Grupo Parlamentario

Cremos que é necesario que a Xunta de Galicia asuma a situación que se está producindo e tome medidas para corrixir os problemas que presenta a nosa lingua.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora a Xunta de Galicia as conclusións das recentes análises do Consello da Cultura Galega e da Real Academia Galega sobre a preocupante situación da lingua galega?
2. Que medidas pensa tomar para frear o descenso do uso da lingua galega sobre todo entre a xente máis nova?
3. Pensa seguir mantendo o Decreto 79/2010 cando continuamente todos os especialistas na lingua o ven como prexudicial?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2018 13:52:53**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 04/04/2018 13:53:04**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A competencia en documentación de expedición de documentos españois (DNI e pasaportes), así como o relacionado con trámites de permisos de residencia e permanencia de estranxeiros, é pola Lei orgánica 2/86, de 13 de marzo, das forzas e corpos de seguridade, do Corpo Nacional de Policía.

O artigo 10 da Lei orgánica 4/2015, ratifica a competencia exclusiva do Ministerio do Interior para a dirección, organización e xestión de todos os aspectos referentes á confección e expedición do Documento Nacional de Identidade, e sinala que dita competencia a exercerá a Dirección Xeral de Policía.

A implantación central e periférica das Comisarías de Policía en todo o Estado español, non cubre suficientemente as necesidades para facilitar estes documentos obrigatorios. Por esta razón se veñen instalando Unidades de Documentación e Estranxeiría en distintos lugares estratéxicos, que xustifican a súa instalación.

En Galicia creouse recentemente unha destas unidades en Carballo, co que na actualidade a provincia da Coruña conta con seis emprazamentos, 3 en Lugo, 2 en Ourense, e 8 na de Pontevedra. Co que a provincia de Ourense é a máis deficitaria pese a súa dispersión poboacional.

A comarca de Valdeorras, con 27.724 habitantes, dos cales 14.052 viven en O Barco de Valdeorras, está situada a 120 km da capital da provincia, razón pola que a veciñanza acude moi frecuentemente ás provincias limítrofes de Lugo (Monforte de Lemos está a 69 km) e a

**Grupo Parlamentario**

Ponferrada (León) para obter os seus documentos. Ademais as comunicacións coa cidade son moi lentas, cun transporte ferroviario deficitario en canto a horarios e frecuencias, e coa eterna promesa da A-76 que axilice este traxecto. A pesares destas dificultades, soamente moi de vez en cando reciben a visita dun equipo do DNI para atender esta demanda da cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cre o Goberno galego que son suficientes os recursos para a obtención da documentación persoal existentes na nosa Comunidade Autónoma?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da falla de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación persoal?
3. Considera o Goberno galego que é necesario que na comarca de Valdeorras se facilite e melloren ditos procedementos?
4. En caso afirmativo, solicitou a Xunta de Galicia ao Goberno de España a necesidade da mellora neste servizo?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/04/2018 13:50:46**

**Raúl Fernández Fernández na data 04/04/2018 13:50:51**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2018 13:50:56**



 Grupo Parlamentario

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2018 13:51:00**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2018 13:51:05**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na memoria dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017 pódese ler que o programa 423B Prevención do abandono escolar, trata de atender a necesidade existente de incrementar o número de titulados en formación postobrigatoria, sobre a necesidade recoñecida de que é necesario formar unha cidadanía máis e mellor formada.

Tamén se recoñece, axeitadamente a xuízo deste grupo parlamentario, que para abordar a diminución do abandono escolar, é necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior.

Os destinatarios deste importante programa son os centros educativos que imparten ensino non universitario entre cuxo alumnado haxa unha proporción significativa do alumnado en desvantaxe desde o punto de vista educativo, cuxas posibles causas poden ser a de pertenza a familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, situación nunha contorna con escaseza de recursos educativos, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna igual ou diferente da utilizada no centro, tendo previstas as seguintes actuacións estratéxicas:

1. Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
2. Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
3. Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
4. Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
5. Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
6. Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.



## Grupo Parlamentario

7. Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.
8. Apoiar os concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais.
9. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pese ao marco teórico deste programa, o certo é que a súa dotación orzamentaria e a posterior diminución, así como a súa execución poñen de manifesto que o compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria neste ámbito é cuestionable.

Así, dunha dotación inicial de 19.701.000 €, fíxose unha modificación orzamentaria que o rebaixou a 13.496.000 € o que supón unha redución do 32,1 % (de feito este programa é o que maior redución orzamentaria experimentou, duplicando a experimentada polo 422 E Ensinanzas artísticas que ocupa o segundo lugar en redución de orzamento inicial).

Ademais, e pese a presentar un nivel de execución do 96 % e o programa que menor execución orzamentaria presenta; debemos ter en conta que si consideramos que se executaron 12.950.000 € o que supón o 65,7 % do consignado inicialmente (19.701.000 €) e que debemos supoñer que era o que se consideraba necesario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que se reduciu un 32,1 % o orzamento inicial do programa 423 B Prevención do abandono escolar no ano 2017?

2ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que coa cantidade executada foron atendidas as necesidades existentes?

3ª) Si a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como se xustifica que para o ano 2018 este programa conte cun orzamento de 23.121.879 €, cantidade que duplica o executado no 2017?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018



---

**Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2018 12:50:09**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2018 12:50:17**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Segundo se recolle nos medios de comunicación do día 1 de abril de 2018, un grupo de pais e nais do CPI da Cañiza alertaron sobre a venda de drogas a nenos do centro e pediron que se tomen todas as medidas para evitar estes feitos, ante a posibilidade de que os menores poidan ser influídos e acaben consumindo.

Ademais, e sempre segundo este colectivo de pais e nais, un alumno do centro foi expedientado tras entrar no centro cunha bolsa de marihuana, ao parecer para o seu propio consumo, aínda que non descartan que puidese estar repartíndose entre outros menores.

Tamén manifestan a súa extrema preocupación ante a posibilidade de que unha ou varias persoas adultas estarían a subministrar as drogas para distribuír no centro a través de menores que "estarían a actuar como aprendices de camelos".

Esta situación, que está a ser tratada pola Garda Civil dentro do seu ámbito de competencias, ten unha enorme transcendencia en calquera centro educativo por razóns obvias, pero é aínda máis preocupante cando se da entre poboación escolar de tan curta idade.

Ante a situación que se pon de manifesto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da existencia de problemas derivados do consumo e/ou tráfico de substancias estupefacientes no CPI da Cañiza?

2ª) De ser afirmativa a resposta á pregunta anterior, que alcance ten a situación no centro?

3ª) Mantivo algún contacto a xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra coa Subdelegación do Goberno de España na dita provincia para coñecer o alcance da situación?



---

**Grupo Parlamentario**

4ª) De ser afirmativa a resposta á pregunta anterior e confirmarse a existencia do problema, vaise activar algunha medida específica por parte dos responsables da seguridade pública para resolver a situación e protexer á comunidade escolar, que medidas se contemplan?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2018 12:57:11**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2018 12:57:18**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2018 12:57:29**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga e Juan Merlo Lorenzo**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.<sup>a</sup>**

O Estado español ven de obter novas cotas de xarda mediante intercambios con outros estados membros da UE. Este acordo supón par a actual campaña un total de 1.795 toneladas a todas as flotas no seu conxunto. A cantidade que corresponde a outras artes distintas do arrastre de fondo e o cerco do caladoiro Cantábrico noroeste supón un total de 6555.317 quilos mais repartidos como figuran nesta táboa:

	% de Cota	Total Cota Extra
Cantabria	25,75	168.711,00
A Coruña	6,90	45.210,00
Lugo	5,79	37.936,00
Pontevedra	4,77	31.252,00
Galicia	17,46	114.398,00
Guipúzcoa	12,35	80.911,00
Bizkaia	29,71	194.720,00
Asturias	14,74	96.574,00
Total		655.314,00

Unha vez máis, como se pode comprobar na táboa, Galicia é a perxudicada por este reparto, obtendo apenas menos da metade que o País Vasco e moito menos que Cantabria, este novo reparte demostra a incapacidade do Goberno galego



para defender os intereses da nosa frota, así como a norma do Partido Popular de utilizar os intereses de Galicia, en este caso as cotas de pesca, como moeda de cambio de outros acordos que lles permitan continuar gobernando no estado. Unha vez mais a consellería non está a altura na defensa das artes menores e dos pescadores e pescadoras galegas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Que opinión ten a Xunta deste novo atraco a Galicia no reparto de cotas pesqueiras procedentes de intercambios con outros Estados?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 05/04/2018 09:56:14**

**Carmen Santos Queiruga na data 05/04/2018 09:56:19**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación e garantías do proxecto mineiro previsto nos concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón.

Recentemente foi coñecida pola veciñanza dos concellos ourensáns de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón a comunicación da intención de explotar a concesión mineira da Man da Moura. Trátase dunha concesión do ano 1997 que foi outorgada a empresa Marcelino Martínez S.L. con sede no Porriño. A zona das dúas cuadrículas mineiras baixo o nome de Man da moura é unha zona limítrofe entre varios concellos, concretamente nas parroquias de Barcia (Melón), San Estevo de Novoa (Carballeda de Avia) e no lugar da Franqueira (Ribadavia).

Máis dunha década atrás, o 10 de xullo de 1997 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Resolución *do 3 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se outorgaban dúas concesións de explotación, entre as que estaba Man de Moura número 4553.1 coa seguinte descrición* con expresión do nome, número, cuadrículas mineiras, recurso, termos municipais, data de outorgamento e data de declaración de impacto ambiental (D.I.) : *Man de Moura.-4553.1; 2; sección C; Ribadavia e Carballeda de Avia; 28-4-97; 1-10-97 (D.I.). Así mesmo, indicábase que as explotacións se axustarían ao cumprimento da declaración de impacto ou de efectos ambientais acordadas pola Comisión Galega de Medio Ambiente.*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Con moita posterioridade, con base á a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da Minaría de Galiza e ao desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras no noso país, o 30 de xuño de 2010 o Diario Oficial de Galiza publicaba, con base ao sue título IV relativo ao procedemento de outorgamento dos dereitos mineiros, a *Orde do 17 de xuño de 2010 pola que se convocaba concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade de dereitos mineiros correspondentes á provincia de Ourense. Entre eles publicábase a caducidade dos dereitos mineiros referidos á mencionada, coa seguinte descrición: PI; 4553; Man de Moura; granito; 12 cuadrículas; Carballeda de Avia.*

Neste momento, coñecida a través das entidades locais a activación dun proxecto mineiro, existe preocupación entre a veciñanza sobre as posíbeis consecuencias, xa que nesta zona sospéitase da existencia de xacementos arqueolóxicos, como fai intuír a súa toponimia e microtoponimia. Doutra banda, se acudimos á información contida en documentación como o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadavia podemos ver como queda a unha distancia moi próxima de xacementos si catalogados e da súa área de protección. Máis aínda, témesse pola afectación a mananciais así como á produción agrogandeira. Entre as dúbidas existentes, a veciñanza cuestiona se se teñen aplicado requisitos estritos canto á seguridade e a sustentabilidade así como canto á actualización do proxecto e demandan máis información da que teñen recibido.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión 6ª:

Cal é a situación do expediente da Explotación referida como Man da Moura (Carballeda de Avia)?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 10:56**  
**Nº Rexistro: 28868**  
Data envío: 05/04/2018 10:56:26.643

A data máis recente de estudo ambiental é a referida de 1997? Existen declaracións e/ou estudos máis recentes? Con que resultados?

Que informes ten recibido neste momento no seu haber a Xunta de Galiza?

Ten solicitados outros informes a maiores? De que tipo e con que estimación de prazos?

Ten solicitado ou desenvolvido estudos específicos a respecto da conservación patrimonial da zona?

Ten recibido a Xunta de Galiza solicitude de información ou audiencia a respecto desta explotación por parte do Concello de Ribadavia? E por parte do Concello de Carballeda? E por parte do Concello de Melón? E por parte dalgunha comunidade de Montes?

Ten constancia a Xunta de Galiza que se teñen desenvolvido todos os trámites legalmente requiridos?

Cales son os requirimentos canto á restauración ambiental? Existe a esixencia dalgún tipo de fianza? Con que contía?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 10:56**  
**Nº Rexistro: 28868**  
Data envío: 05/04/2018 10:56:26.643

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 10:55:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 10:55:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 10:55:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 10:55:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 10:55:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 10:55:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, de presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

A Casa do Mar de Vilagarcía acolle as actividades da Asociación Club de Pensionistas e Xubilados Casa do Mar, cunhas trescentas persoas socias, permitindo o emprego dun espazo de lecer ás persoas maiores de Vilagarcía, sendo unha alternativa ao centro sociocomunitario para a Terceira Idade de Vilagarcía, que está masificado. Trátase de persoas xubiladas con baixas pensións que teñen unha alternativa de socialización e ocio accesible.

A Casa do Mar de Vilagarcía pertence ao Instituto Social de la Marina, entidade dependente da Secretaría de Estado da Seguridade Social. Os gastos das actividades da asociación de pensionistas relativos a limpeza, luz, auga, suministros varios e prensa sufrágoas a Xunta, cobrándolle o ISM á Xunta unha cantidade anual en concepto de alugueiro, luz e auga.

O edificio da Casa do Mar ten pendente unha reforma integral que, segundo o ISM, teñen un orzamento de case 8 millóns de euros. De feito, dende 2013 hai un informe que sinalaría que o edificio correría serio perigo en poucos anos. Para acometer dita reforma, a asociación de pensionistas que desenvolve as súas actividades na Casa do Mar debe abandonar o local mentres duren as obras, pero non se lle dá unha alternativa temporal digna para as súas actividades nin a garantía de recuperar o seu espazo no centro.



Dende agosto de 2017, cando o ISM trasladou a súa actividade á sede de Facenda, o ISM cortou a calefacción, pasando o inverno con frío no local, tendo que recorrer as persoas pensionistas a calefactores eléctricos.

Ademais do local, a asociación de pensionistas ten dereito a estacionamento de vehículos e ao uso dun xardín exterior, que neste momento está en estado de abandono por parte do ISM.

Dende a Asociación Club de Pensionista e Xubilados Casa do Mar, ofrecen colaboración á realización das obras, pero piden garantías de ubicación temporal digna para as súas actividades e de mantemento do uso do local unha vez rematadas.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta:

1. Como valora a Xunta o trato dado polo ISM á asociación de persoas pensionistas e xubiladas da Casa do Mar?
2. Vai a Xunta facilitar un espazo en condicións onde reubicar a esta asociación namentres duren as obras na Casa do Mar?
3. Que solucións contempla á Xunta para esta reubicación temporal logo das súas reunións co ISM?
4. A canto ascende anualmente a achega da Xunta ás actividades da Asociación Club de Pensionistas e Xubilados Casa do Mar de Vilagarcía?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 05/04/2018 10:56:52**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O borrador do Plan de xestión do Cantábrico está a causar gran inquietude no sector. Enfróntanse dous modelos de xestión, un baseado no ben común e outro, ben distinto, que implica a especulación dun mercado aberto. Dende a Administración española preténdese seguir a segunda opción, cunha liña que en definitiva consiste en gañar máis cartos negociando coas cotas de peixe, en lugar de coa captura das especies, trátase de Cotas Individuais Transferibles (coñecido como ITQ polas siglas en inglés). Este modelo non parece axeitado no Cantábrico, onde as pesquerías son multiespecíficas, multiartes, é dicir, poucas cantidades sobre moitas especies.

Optar por unha modelo ou outro non cabe dúbida que é unha opción ideolóxica e obedece a un xeito de gobernanza, con intereses creados encamiñados a establecer a propiedade de acceso aos recursos que determinará o futuro da pesca galega.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a rendibilidade económica da actividade pesqueira debe basearse nunha planificación a longo prazo de xestión das distintas pesquerías que teña en consideración o criterio ambiental, que permita recuperar as poboacións de peixes, pero tamén manter a actividade económica e social, de xeito que a pesca poda cumprir co papel de estabilizador da poboación nas zonas costeiras, e supoñer unha actividade laboral que permita a sustentabilidade financeira das numerosas familias que viven da pesca.

O modelo de xestión non debe ter como obxectivo a redución de esforzo pesqueiro, e o sistema de ITQ serviría para despezar o exceso de capacidade, xa que as empresas que abandonen o sector recibirían unha recompensa económica pola venda da súa cota. Ademais podería alentar aos pescadores a traballar con maior intensidade para poder compensar o incremento de custe que supón a adquisición da cota.

**Grupo Parlamentario**

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego do borrador do Plan de xestión do Cantábrico que se está a considerar?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego do borrador do Plan de xestión do Cantábrico?

3ª) Púxose en contacto o Goberno galego co Goberno central para comunicar a súa valoración do borrador do Plan de xestión do Cantábrico, en caso positivo, cales foron as conclusións?

4ª) Vaise someter a valoración do sector o borrador do Plan de xestión do Cantábrico, en caso positivo, cando?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 05/04/2018 12:09:54**

**Julio Torrado Quintela na data 05/04/2018 12:10:07**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

De acordo coa Executive Agency for SMEs en relación á Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route indica que “O proxecto "WAOH Route: A Dive into Adventure" ten como obxectivo desenvolver a primeira ruta europea de mergullo sostible. É unha rede que conecta sitios de mergullo de clase mundial desde o extremo sur de Portugal e España ata o extremo norte, que abarca Irlanda e Reino Unido, que encarnan valores comúns e patrimonio. A ruta promoverá os 5.000 km de costa atlántica na costa náutica de Europa como itinerario e destino turístico transnacional por diversión e eco-turistas.

A ruta WAOH estará constituída por sitios e destinos de mergullo mariño de primeira clase que fomentarán, crearán e unirán sinerxías entre os deportes acuáticos e o patrimonio marítimo único e atlántico europeo das paisaxes, a vida salvaxe e os hábitats en combinación cunha variedade de patrimonio cultural marítimo. Mellorará a sinerxía de deportes náuticos coas próximas oportunidades de turismo ecolóxico mariño. Mellorará notablemente a sinerxías coa famosa arqueoloxía marítima de Europa, museos, turismo subacuático e gastronomía á beira do mar, levando a unha oferta innovadora de novos produtos transnacionais.”

O proxecto abarcará os anos 2018 e 2019, e está dotado con fondos da Unión Europea por 299.920 euros.

É beneficiario deste proxecto a Axencia Turismo de Galicia (ATURGA).

A empresa Buceo Fisterra leva uns 12 anos en activo, levando a cabo a súa actividade non unicamente en Fisterra, senón tamén en Corcubión, Muxía, Camariñas ... Non obstante, non tiñan coñecemento oficial da primeira ruta europea de turismo subacuático a ‘WAOHR.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na presentación dende Turismo de Galicia explicouse que a ruta pretende ser desestacionalizadora, e que fóra do período estival quizais as condicións da Costa da Morte son difíciles para practicar este tipo de actividades. Finalmente foi incluída a Ría de Corcubión, quedando excluída a zona exterior do Cabo Fisterra, ou as ría de Camariñas ou de Corme-Laxe.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Valora o Goberno galego incluír nun futuro inmediato a ría de Corme-Laxe e a ría de Camariñas, así como a zona exterior do Cabo Fisterra na ruta WAOHR, en caso positivo, en que prazo?

2ª) Mantiveron contacto coa empresa Buceo Fisterra que leva 12 anos en activo levando a cabo actividades de mergullo na Costa da Morte para valorar as súas impresións respecto das zona a incluír na WAOHR?

3ª) Sendo o turismo unha das alternativas para revertir a regresión demográfica que alternativas concretas vai levar a cabo o Goberno galego para desestacionalizar o turismo na Costa da Morte, en que prazo e con que dotación orzamentaria?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 05/04/2018 12:07:43**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/04/2018 12:07:55**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2018 12:08:08**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2018 12:37  
Nº Rexistro: 28891  
Data envío: 05/04/2018 12:37:01.503

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego, a xestión pública dos saltos e encoros, moitos deles caducados ou a piques de caducar no próximo lustro, permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con condicións económicas e sociais máis desfavorábeis poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico.

Neste sentido, temos presentado e defendido diferentes iniciativas ao respecto tanto social como institucionalmente. Na pasada lexislatura, en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, o entón Director Xeral de Augas de Galiza anunciou que ante o remate das concesións de saltos hidroeléctricos a Xunta avaliará o seu futuro uso tras o desenvolvemento dos expedientes administrativos e confirmaba ademais que só existe un salto con cláusula social, das 44 centrais de gran hidráulica.

Xa na X Lexislatura, a Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 28 de marzo de 2018, debateu a iniciativa 4728 (10/PNC-000454) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego referida á petición da presentación pola Xunta de Galiza dun plan de recuperación da titularidade e explotación pública





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

directa dos saltos hidroeléctricos. Finalmente, acadouse un consenso a respecto do seguinte acordo:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar unha estratexia de actuación sobre os aproveitamentos hidroeléctricos con dereito concesional a extinguir no presente e no seguinte ciclo de planificación hidrolóxica (ata o ano 2027), na que se analicen os condicionantes xurídicos, económicos, ambientais e sociais que permitan decidir, no seu caso, a modalidade de explotación dos mesmos.

2. Continuar achegando toda a información que se solicite sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos da Demarcación Galicia-Costa.”

Máis aínda, cómpre recordar que no último pleno ordinario da IX lexislatura a Cámara tiña acordado o seguinte:

“2. Proporcionar información sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos, que cando menos contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas, solicitando de ser preciso a información pertinente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.”

Con base a estas consideracións fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Pode garantir a Xunta de Galiza que se están a cumprir as cláusulas sociais que puidesen estar contempladas nas diferentes concesións de saltos hidroeléctricos?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2018 12:37  
Nº Rexistro: 28891  
Data envío: 05/04/2018 12:37:01.503

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes a Galiza-Costa que rematan até 2027? De ser a resposta afirmativa, cales?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes á Demarcación Hidrográfica do Cantábrico que rematan na próxima década?

-De ser a resposta afirmativa, cales? De ser negativa, ten pensado solicitalos?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes á Demarcación Hidrográfica Miño-Sil que rematan na próxima década?

De ser a resposta afirmativa, cales? De ser negativa, ten pensado solicitalos?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes á Demarcación Hidrográfica do Douro que rematan na próxima década?

-De ser a resposta afirmativa, cales? De ser negativa, ten pensado solicitalos?

-Ten solicitado a Xunta de Galiza información completa sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos existentes en Galiza, onde cando menos se contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas?

-Ten avaliado xa o goberno galego que iniciativas ten previsto levar a cabo ante o remate das concesións de cando menos 6 saltos hidroeléctricos da demarcación que xestiona de forma directa? Cales?

-Ten a Xunta de Galiza información a respecto das intencións do Goberno do Estado ante a situación de remate das concesións de saltos hidroeléctricos?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 12:37**  
**Nº Rexistro: 28891**  
Data envío: 05/04/2018 12:37:01.503

- Cal é a situación a respecto das seguintes centrais hidráulicas pertencentes á Demarcación Galiza Costa:

1. PONTE INFERNO
2. PORTOCHAO
3. FECHA
4. GÜMIL
5. A CASTELLANA
6. FERVENZAS

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 12:37**  
**Nº Rexistro: 28891**

Data envío: 05/04/2018 12:37:01.503

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 12:36:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 12:36:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 12:36:27**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 12:36:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 12:36:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 12:36:32**

## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica dende hai anos tal e como podemos apreciar nas estatísticas. Desde o ano 2009 temos un decrecemento na poboación de case 85.000 persoas. A esta situación non é alleo o sector do mar xa que se reduciron en 4.000 as persoas afiliadas ao réxime do mar, e aínda que no ano 2017 tivo lugar unha leve mellora, de continuar con este ritmo tardaríamos máis de 30 anos en recuperar os niveis do ano 2008. En canto a permisos a pé de marisqueo, lonxe estamos daqueles 4.281 do ano 2009, xa que no ano 2017 había 3.797.

O presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural” e nese sentido, a dita afirmación non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2017 en determinados programas correspondentes á Consellería do Mar, como é o caso do:

- 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, cunha execución dun 36,8 %. Este programa inclúe partidas tan relevantes como axuda inicial a xoves pescadores, formación a menores de 30 anos desempregados, seguro de adversidades climatolóxicas, modernización de motores, eficiencia enerxética, e moitas outras necesarias para que a pesca cumpra co seu papel social fundamental, que é o de fixar a poboación ás vilas costeiras, e garantir o relevo xeracional isto supón que temos máis de 4.000 barcos que teñen en perigo a súa supervivencia, xa que non teñen garantida a continuidade.
- 723C-Desenvolvemento sostible das zonas de pesca, de acordo coa memoria dos orzamentos este programa tiña por obxecto, a mellora da competitividade de pequenas e medianas empresas do sector da pesca e acuicultura, a promoción da inclusión social e redución de pobreza. Este programa tivo unha execución do 39,9 % no 2017.



## Grupo Parlamentario

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns polas que a Consellería do Mar tivo unha execución tan baixa nos programas 723C e 723A no ano 2017?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Como pretende acadar os obxectivos establecidos na memoria dos orzamentos cunha execución que non chega nin á metade do orzamento?

3ª) Como vai garantir o relevo xeracional no mar cunha execución que non chega nin a metade do orzamento?

4ª) Como vai acadar o principal reto de combater as dificultades das zonas rurais pesqueiras do litoral marítimo cunha execucións orzamentarias tan baixas?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 04/04/2018 18:47:39**

**Julio Torrado Quintela na data 04/04/2018 18:47:51**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG**, sobre os investimentos da CRTVG en materia de produción audiovisual.

A CRTVG ten establecido no marco normativo que regula os medios audiovisuais públicos galegos actuar como motor de dinamización e difusión do audiovisual do noso país.

Neste senso, alén do investimento dirixido a produción e coprodución audiovisual que nutren a grella da TVG de series e/ou documentais tamén ten a Corporación o compromiso de investir o 6% do seu orzamento no cinema galego.

Ano a ano a CRTVG dá conta daqueles proxectos que contan coa súa participación mais pouco se ten reflexionado sobre o segundo factor, a difusión deses proxectos especialmente os cinematográficos toda vez que unha das grandes eivas que atopan talentos noveis e mesmo senior, é –alén das dificultades económicas para financiar o proxecto-- a súa distribución e difusión.

Por todo o formulado, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 12:56**  
**Nº Rexistro: 28896**  
Data envío: 05/04/2018 12:56:50.487

- Cantos foron os proxectos audiovisuais que, nos últimos cinco anos, contaron co apoio da CRTVG no marco dos compromisos da Corporación nesta materia (6%)?
- Que criterios rexen na distribución destes fondos e cales son as variábeis que utiliza a CRTVG para os avaliar?
- Que contía, total e desagregada anualmente, foi investida con este obxectivo nos últimos cinco anos?
- Cales son os dereitos e obrigas que adquire a CRTVG por esta participación?
- Cantos destes proxectos foron emitidos, nos últimos cinco anos, pola televisión pública? En que faixa horaria?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 12:56**  
**Nº Rexistro: 28896**

Data envío: 05/04/2018 12:56:50.487

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 12:56:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 12:56:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 12:56:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 12:56:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 12:56:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 12:56:26**

Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do 2017, a partida 141A- Administración local tiña un crédito inicial de 13.265.541,00 €, contía que foi incrementada ata os 19.730.915,29 €, é dicir, 6.465.374,29 € máis, que se destinaron, na súa maior parte, para incrementar a partida 761.0- A corporacións locais. Actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medioambiente. Non obstante, a execución real respecto do crédito vixente foi só dun 64,7 %.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron as razóns polas que non se executou o 100 % das cantidades destinadas ás corporacións locais?

2ª) Considera o Goberno galego que as entidades locais galegas teñen un financiamento axeitado ás competencias que exercen?

3ª) Elaborou o Goberno galego o estudo e a valoración do custo dos servizos financiados parcialmente mediante transferencias pola Xunta de Galicia e prestados no ámbito local coa finalidade de establecer un financiamento estable, que garanta o funcionamento permanente e axeitado deses servizos, tal e como lle ten solicitado a Fegamp?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/04/2018 13:40:44**



 Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2018 13:40:50**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as accións realizadas polo Goberno galego para rebaixar o prezo dos alimentos para persoas celíacas.

Segundo o informe sobre o prezo dos alimentos para celíacos do ano 2017, elaborado pola FACE (Federación de Asociacións de Celíacos do Estado), na que se integra ACEGA (Asociación de Celíacos de Galiza), a diferenza de prezos na compra anual só de produtos básicos para unha persoa celíaca é de 1.040 €.

Na precampaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego celebradas no ano 2016, en concreto o 30 de agosto de 2016 en Ferrol, o presidente Feixóo anunciou que lle pediría ao Goberno Central unha rebaixa no IVE para os alimentos sen glute.

Por este motivo, e pasado máis dun ano desa promesa electoral, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 18:01**  
**Nº Rexistro: 28927**  
Data envío: 05/04/2018 18:01:11.457

- Que xestións concretar realizou o presidente da Xunta neste tema?
- Tivo algunha resposta do Goberno Central?
- Cando agarda o Goberno galego que se concrete a proposta de rebaixa do IVE para os alimentos sen glute?
- Cal sería a rebaixa prevista?
- Prevé algunha outra reforma no sistema fiscal para protexer ás persoas celíacas?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 18:01**  
**Nº Rexistro: 28927**  
Data envío: 05/04/2018 18:01:11.457

**María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 17:54:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 17:54:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 17:54:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 17:54:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 17:54:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 17:54:38**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego.**

As solicitudes de valoración do grao de discapacidade na provincia de Pontevedra tardan máis de 3 anos, máis dun ano para os casos prioritarios (menores e persoas maiores de 90 anos). A quenda de agarda está en máis de 6000 persoas, polo que, precisamente xa en 2016, se pensara crear 2 equipos de valoración máis para a Comunidade Autónoma, un para A Coruña e outro para Pontevedra, mais finalmente este último foi curiosamente para Ferrol e Pontevedra incrementou as listas ata o atraso que existe hoxe.

Aínda que o recoñecemento real se fai a través dos 3 equipos de valoración e orientación (EVO) da Consellería de Política Social, interveñen previamente médicos de atención primaria dependentes da Consellería de Sanidade porque existe un convenio co Sergas e, en virtude deste convenio, os médicos recollen e ven a documentación das persoas solicitantes (cobran 15 euros por cada unha) e fan unha valoración non presencial e mínima. O problema está en que este servizo é un parche e non funciona (dende que está en funcionamento, os EVO de Pontevedra só teñen aceptado 2 valoracións médicas), o que unido á escaseza de persoal (son 3 médicos e un está de baixa e outro vaise xubilar; 2 psicólogos a media xornada e 3 traballadores sociais) está a provocar numerosos problemas para as persoas de maior idade (o 32 % das persoas destinatarias teñen máis de 75 anos) e para as que viven con circunstancias socioeconómicas complexas. A realidade é que hai persoas que non chegan á revisión porque morren antes.

E non estamos a falar de cousas pouco importantes, pois a resolución positiva implica reducións no IRPF, exencións noutros tributos (como o imposto de matriculación de vehículos), axudas para a mobilidade (uso

## Grupo Parlamentario

de prazas de aparcadoiro) e ata o dereito de acceso a prazas de emprego público.

Segundo a propia consellería, o prazo máximo para resolver dende que se completa a solicitude é de 3 meses (e incluso pode ser ampliado pola Xefatura Territorial cando o número de solicitudes e outras circunstancias impidan cumprir razoablemente o prazo ordinario). A consellería fala, pois, dunha ampliación de prazo no caso de circunstancias extraordinarias mais, é de supoñer, nunca por 2 anos e 9 meses máis...

Pode que para as situacións de dependencia o Goberno entenda que non hai quenda de agarda para o recoñecemento se consideramos que 5 meses é un prazo razoable (que é o que tardan en Pontevedra), pero aos graos I se lles recoñece o dereito a teleasistencia (cunha tramitación efectiva dun par de meses, di a Xunta de Galicia) e o dereito á axuda ao fogar -SAF- (que probablemente non lles chegue nunca porque xa bastante ten o servizo para atender aos graos III -5 persoas en quenda de agarda Pontevedra cidade- e aos graos II -45 persoas en agarda-).

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego que as solicitudes de valoración do grao de discapacidade na provincia de Pontevedra estean a tardar máis de 3 anos por regra xeral e máis de 1 ano para os casos prioritarios?
2. Que pensa facer o Goberno galego para solucionar este terrible problema?
3. Vai crear o Goberno novos equipos EVO para a provincia de Pontevedra? Cantos? Cando?
4. Cales foron os motivos polos que, no ano 2016, a Consellería de Política Social acordase non crear outro equipo EVO para a provincia de Pontevedra?
5. Pensa o Goberno galego que o persoal dos 3 EVO que xa funcionan na provincia de Pontevedra é suficiente?



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6. Entende o Goberno que o convenio que se acadou co Sergas e polo que interveñen médicos de atención primaria é a solución para rematar a quenda de agarda na provincia?
7. Entende o Goberno que o prazo de 5 meses que se está a tardar no recoñecemento para a dependencia non é quenda de agarda?
8. Cando ten previsto o Goberno que todas as persoas en grao I e en grado II que teñen recoñecidos os dereitos a teleasistencia e axuda ao fogar -SAF- os van recibir?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Álvarez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/04/2018 18:17:00**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/04/2018 18:17:06**

**María Luisa Pierres López na data 05/04/2018 18:17:10**

**Julio Torrado Quintela na data 05/04/2018 18:17:15**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2018 18:17:20**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso a unha traballadora por parte da empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA S.L.

A empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L. “acredita” un extenso historial de condenas por acoso laboral, mobbing e danos morais a unha traballadora.

Desde o ano 2009, logo dunha embarazo de alto risco e petición de redución de xornada para o coidado dunha filla, que foi denegada ilegalmente pola empresa, encétase unha situación de fustigamento e acoso contra unha muller traballadora, que foi amparada en diversas ocasións polos xulgados do social, a inspección de traballo, alén do apoio e respaldo sindical e a solidariedade expresada por multitude de traballadoras e traballadores.

A empresa de transporte HEDEGASA, SL desenvolve a súa actividade no ámbito do transporte colectivo de viaxeiros, sendo concesionaria de liñas de transporte regular colectivo, alén de contratista da administración educativa para o transporte de alumnado a centros públicos neste concello e na comarca de Compostela.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 18:24**  
**Nº Rexistro: 28934**  
Data envío: 05/04/2018 18:24:31.051

A normativa vixente en materia de transporte define o transporte colectivo regular de viaxeiros como un servizo público, titularidade das administracións e que pode ser prestado en réxime de concesión por empresas de transporte. Polo tanto, HEDEGASA, SL desenvolve e executa unha actividade pública, ao xestionar unha liña de transporte que forma parte dun sistema de transporte público, que ademais está integrado nun sistema metropolitano de conexións regulares de transporte que ten financiamento da administración galega e local.

O Goberno galego non pode ser alleo a esta situación, onde unha persoa traballadora dunha empresa concesionaria dun servizo público que empregan miles de veciñas e veciños, sofre un acoso ilegal e insolente por parte de responsábeis empresariais. Non é simplemente unha desprezábel actitude que mereza a corrección por parte de autoridades laborais, como xa está a acontecer, senón que é a constatación de trato desconsiderado, irrespectuoso, ofensivo a unha empregada que desenvolve o seu traballo no eido dun servizo público.

A Xunta de Galiza non poden tolerar que se manteña esta lamentábel actitude empresarial e ten a obriga de instar a que se respecten os máis elementais dereitos fundamentais, a lexislación laboral, e sobre todo a dignidade humana.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que actuacións ten realizado a Secretaria Xeral de Igualdade diante da empresa HEDEGASA, S.L condenada reiteradamente por acoso a unha traballadora?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 18:24**  
**Nº Rexistro: 28934**  
Data envío: 05/04/2018 18:24:31.051

-Que opinión lle merece á Secretaria Xeral de Igualdade que unha empresas de transporte colectivo de viaxeiros, que xestionan baixo concesión administrativa, non respecten a igualdade nas relacións laborais e leven a cabo prácticas de acoso, machismo e discriminación?

-É coñecedora a Secretaria Xeral de Igualdade da situación de discriminación por razón de xénero e acoso á que está sometida unha traballadora por parte da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, S.L?

-Que actuacións vai a realizar diante desta situación?

-Vai esixir o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos concesionados a HEDEGASA,SL.?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2018 18:24**  
**Nº Rexistro: 28934**  
Data envío: 05/04/2018 18:24:31.051

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 18:23:54**


**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 18:23:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 18:23:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 18:24:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 18:24:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 18:24:04**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727